

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 03.07.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.10 h. do 03.07.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera (quen se retira cando se sinala), Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa (quen se retira cando se sinala), José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá (quen se retira cando se sinala) e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 05.06.2014 e da sesión extraordinaria urxente do 18.06.2014

Ao non haber obxeccións, quedan aprobadas as actas da sesión ordinaria do 05.06.2014 e da sesión extraordinaria urxente do 18.06.2014.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 494/2014 á 598/2014

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta da remisión de información da liquidación do exercicio 2013 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa construción pendente dun paso peonil soterrado e outro elevado para salvar a vía férrea en Perlío

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 24.06.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa CONSTRUCCIÓN PENDENTE DUN PASO PEONIL SOTERRADO E OUTRO ELEVADO PARA SALVAR A VÍA FÉRREA EN PERLÍO, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras anos de contactos e de xestións infructuosas entre o Concello de Fene e o Ministerio de Fomento, finalmente en 2009 o Goberno de España atende as demandas dos veciños e veciñas de Fene para mellorar a permeabilidade da vía férrea Ferrol – Betanzos, xestionada por ADIF, ao seu paso pola parroquia de Perlío.

Trátase concretamente de demoler a vella e xa moi deteriorada pasarela peonil que na zona da Estación de Perlío comunica a rúa Hortelá coa rúa Antonia Montero, substituíndoa por un paso soterrado e de construír na zona do Cruceiro un paso elevado entre este e a avenida Marqués de Figueroa, que elimine o actual “paso vicioso” a nivel polo que trasitan a diario centos de veciños e veciñas.

Así, logo dos contactos iniciais entre o anterior Goberno Municipal de Fene e o Ministerio de Fomento, que a comezos de 2010 remitiu ao Concello un anteproxecto de construción de ambas infraestruturas, a Xunta de Goberno Local acorda na súa xuntanza de 18 de marzo de 2010 “dar o seu visto bo ao “Estudio previo para la construción de cruces peatonales de la línea férrea Betanzos – Ferrol en el término municipal de Fene” remitido a este concello polo ADIF, Administrador de Infraestructuras Ferroviarias.”

O día 31 dese mesmo mes de marzo de 2010, o Ministro de Fomento de entón, José Blanco, visita o Concello de Fene xunto co Presidente de Adif e asinan co Alcalde, Iván Puentes, un Convenio de Colaboración entre o Concello de Fene e Ministerio de Fomento, no que o Goberno de España, a través do ADIF, se compromete elaborar o proxecto definitivo e a construír ambos pasos peonís, ademais de mellorar e renovar o peche da vía en todo o tramo urbano da liña férrea (parroquias de Perlío, Fene e San Valentín).

Como desenvolvemento deste convenio, finalmente o 5 de febreiro de 2011 o Presidente de ADIF, o Ministro de Fomento e o Alcalde de Fene asinan na Delegación do Goberno en Galicia (A Coruña) unha adenda ao anterior Convenio de Colaboración, na que xa se concreta o proxecto definitivo das obras a acometer, así como o orzamento destinado polo Ministerio de Fomento ás mesmas.

Contéplase concretamente un investimento de 2,5 millóns de euros na construción de ambos pasos peonís na Estación e no Cruceiro e de 260.222,8 €. para a renovación e mellora dos peches laterais da vía.

Esta última obra foi xa relizada no ano 2011, mais a construción dos pasos peonís, cada día máis necesarios debido ao deterioro crecente da antiga pasarela da estación e á perigosidade do paso vicioso do Cruceiro, está paralizada desde ese mesmo ano 2011.

É certo que xurdiron problemas non previstos na dispoñibilidade de terreos, pero tamén o é que levamos consumidos case tres anos do actual mandato municipal para decidir se hai que expropiar ou non uns terreos e quen debe levar a cabo esa expropiación. Terreos, ademais, que pola súa escasa superficie e nulo aproveitamento urbanístico son de escaso valor económico.

Polo tanto, non parece que haxa nin razóns administrativas, nin de orzamento que xustifiquen unha demora tan prolongada na execución dunhas obras vitais para os nosos veciños e veciñas.

Compre lembrar que esta liña de Ferrocarril discorre polo medio da zona máis urbana de Fene, dividindo case á metade dúas zonas amplamente poboadas, parte da parroquia de Perlío e Fene a un lado da vía e a outra parte de Perlío máis San Valentín ao outro lado. En total, estamos a falar duns 8.700 cidadáns/ás, moitos dos cales vense na obriga de transitar a diario sobre as vías do tren, dado que os diferentes servizos públicos (colexios, parques infantís, establecementos comerciais e de hostalería, centro sociocomunitario, igrexa, cemiterio...) están ubicados a ambas marxes da vía e dado que é precisamente nos puntos máis céntricos do pobo onde non hai nin pasos soterrados nin elevados que permitan salvar a liña férrea con seguridade.

Debido a isto, en xa varias ocasións veciños e veciñas do concello foron arrollados polo tren nestas zonas ou nas súas inmediacións, atropelos que na meirande parte dos casos tiveron como resultado o falecemento dos peóns.



Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Reclamar do Ministerio de Fomento o cumprimento do Convenio de Colaboración entre ese Ministerio e o Concello de Fene para a construción de dous cruces peonís na liña férrea Ferrol – Betanzos ao seu paso polo Concello de Fene, asinado o 31 de marzo de 2010, así como da adenda posterior asinada na Coruña o 5 de febreiro de 2011 entre o Presidente de ADIF e o Alcalde Fene.
2. Que o Ministerio de Fomento proceda á expropiación por trámite de urxencia (baseándose nas evidentes razóns de seguridade cidadá que concorren nestas obras) dos terreos necesarios para a construción de ambos pasos peonís.
3. Que tamén, con carácter inmediato e unha vez se teña garantida a dispoñibilidade de terreos, o Ministerio de Fomento licite, contrate e execute a construción dos cruces peonís previstos no referido convenio asinado co Concello de Fene, un paso soterrado no p.k. 33/630 da liña férrea Ferrol – Betanzos, na zona do apeadoiro de Perlío e unha pasarela elevada no p.k. 33/910, na zona do Cruceiro, que permita clausurar o actual “paso vicioso” a nivel.
4. Remitir o presente acordo aos grupos parlamentarios Socialista e Popular e máis aos deputados do BNG no Congreso dos Deputados, é dicir, aos parlamentarios dos partidos que contan con representación por algunha das catro circunscricións galegas.”

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que a moción pretende traer unha necesidade imperiosa das veciñas e veciños de Perlío que é a construción do paso soterrado na estación de Perlío e o paso elevado na zona do cruceiro, segundo o convenio asinado na etapa de goberno anterior co Ministerio de Fomento por importe superior a 2 millóns de euros. Falouse en varias ocasións en plenos pasados na quenda de rogos e preguntas deste asunto e o tema está paralizado dende o 2010, así pola información que ten, Fomento segue implicada en facer esta obra e estase á espera de que se teñan os terreos. No derradeiro Pleno o alcalde informou dos problemas da dispoñibilidade dos terreos e, logo de 3 anos discutindo con Fomento, será o ministerio quen leve a cabo as expropiacións. Por iso, esta moción pretende, primeiro, mostrar a necesidade deste Pleno de manifestarse sobre a urxencia e a utilidade deses pasos para as veciñas e veciños de Perlío e, en segundo lugar, esixir ao Ministerio de Fomento que faga a expropiación polo trámite de urxencia, que ten a súa xustificación nas consecuencias negativas dos centos de veciños que transitan polas vías todos os días.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que ao longo destes 3 anos de goberno local pedíronlle información reiterada sobre a situación destas infraestruturas e rogáronlle que se fixeran as xestións oportunas para proceder á expropiación dos terreos afectados, a quen lle corresponda, e por iso segue a insistir en que se faga de xeito inmediato, xa que o retraso fai que se continúe coa falla de seguridade destes pasos. Deixando a un lado a exposición de motivos que pode dar lugar a diversas interpretacións, o que lle interesa é que o tema se solucione canto antes, por iso anuncia que o seu grupo votará a favor da moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o manifestado polos voceiros do PSOE e do BNG. Entende que este asunto non se pode demorar moito máis e non pode ser que os propietarios dun só terreo poidan estar paralizando unha obra importante e preferente, por iso pensa que se deben tomar as medidas para que o organismo a quen lle corresponda, tomen as medidas oportunas para poder facer as obras.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que durante estes 3 anos de xestión deste goberno non fixo falta que a oposición lle instase a facilitar información, pois na maioría das comisións déuselles conta do estado da tramitación dos dous pasos peonís, igual que nas Xuntas de Voceiros que se fan os luns anteriores aos plenos. Cando chegaron ao goberno todos sabían que os pasos peonís tiñan un problema fundamental, ademais de



non ter dotación orzamentaria, que non existía a cesión de todos os terreos, agás o de dous terreos. Dende este momento déuselles conta de todas as reunións que se mantiveron, primeiro co construtor e o vendedor do edificio preto do paso do Cruceiro, que tiña unha total disposición a facer as cesións e que xurdiu o problema do propietario do entresollado que non se atopou. Respecto do paso peonil da rúa Hortelá, saben da negativa da propietaria coa que se contactou en varias ocasións á ceder os terreos. Por último o concello iniciou a expropiación dos terreos, que segundo os servizos xurídicos municipais entenderon que tiña que ser feita por Adif. É certo que se asinou aquel convenio pero non é certo que nestes 3 anos non se fixo nada, por iso aínda que están de acordo coa proposta de resolución, pídelle ao partido municipal do PSOE que retire a exposición de motivos para poder apoiar a moción todos xuntos.

A continuación fai uso da palabra co voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que acepta que estivo paralizada a execución dos proxectos e non os trámites e demais xestións. A moción non é unha crítica ao goberno municipal senón que se trata dunha esixencia ao Ministerio de Fomento para que se faga canto antes.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que eses son os motivos de pedirlle que se retire a exposición de motivos, logo de ver que tamén o voceiro do grupo municipal do BNG tamén dixo que non compartían algúns puntos da exposición. Di que como moción conxunta de todos os grupos municipais non terían ningún problema en apoiala.

A continuación fai uso da palabra co voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que o que quere é que a obra se faga canto antes e, se pode ser coa unanimidade dos grupos políticos, moito mellor, polo que acepta a retirada da exposición de motivos.

Sometido o asunto coa exclusión da exposición de motivos a votación é aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Reclamar do Ministerio de Fomento o cumprimento do Convenio de Colaboración entre ese Ministerio e o Concello de Fene para a construción de dous cruces peonís na liña férrea Ferrol – Betanzos ao seu paso polo Concello de Fene, asinado o 31 de marzo de 2010, así como da adenda posterior asinada na Coruña o 5 de febreiro de 2011 entre o Presidente de ADIF e o Alcalde Fene.

2. Que o Ministerio de Fomento proceda á expropiación por trámite de urxencia (baseándose nas evidentes razóns de seguridade cidadá que concorren nestas obras) dos terreos necesarios para a construción de ambos pasos peonís.

3. Que tamén, con carácter inmediato e unha vez se teña garantida a dispoñibilidade de terreos, o Ministerio de Fomento licite, contrate e execute a construción dos cruces peonís previstos no referido convenio asinado co Concello de Fene, un paso soterrado no p.q. 33/630 da liña férrea Ferrol – Betanzos, na zona do apeadoiro de Perlío e unha pasarela elevada no p.q. 33/910, na zona do Cruceiro, que permita clausurar o actual "paso vicioso" a nivel.

4. Remitir o presente acordo aos grupos parlamentarios Socialista e Popular e máis aos deputados do BNG no Congreso dos Deputados, é dicir, aos parlamentarios dos partidos que contan con representación por algunha das catro circunscricións galegas.

5. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa necesidade de suprimir a obriga ás comisións de festas da obtención de licenza para a celebración de festexos populares

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 24.06.2014:



“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa necesidade de SUPRIMIR A OBRIGA ÁS COMISIÓNS DE FESTAS DA OBTENCIÓN DE LICENZA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha delas sabe o moito de esforzo e altruísmo que aportan seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.

Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada “do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”. Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será precisa a obtención de licenza para “a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”.

Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.

Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. (art. 42 da sinalada lei).

Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.

Mais alá deste inxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lle causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.

Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme transcendencia.

Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custes.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado c), no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.



2. Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto polo.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que presentan a moción en base a diversas queixas que están a recibir das comisións de festas que din que teñen que facer uns trámites excesivamente complicados para poder organizar as festas este verán, concretamente coa necesidade de obter a licenza, coa presentación de proxectos técnicos e infinidade de trámites que o que provocan é desanimar a moita xente a poder participar e implicarse na organización de algo tan popular e con tanta tradición como son as festas patronais e de verán. Saben que todo isto ven determinado pola publicación da Xunta de Galicia da Lei 9/2013, que non é unha cuestión estritamente municipal, aínda que hai concellos nos que a Lei se interpreta dun xeito máis flexible e non se esixen tantos trámites como en Fene. Por iso con ese espírito e coa demanda de que sexa modificada esa Lei presentan esta moción ao Pleno. En definitiva o que queren é que, existindo controis e unhas certas garantías por parte das comisións, en canto a cumprir uns mínimos requisitos de seguridade, non se chegue ao extremo actual no que case hai que facer tanto papeleo para facer unha festa patronal como para construír unha vivenda, coa responsabilidade persoal engadida que recae nos membros das propias comisións de festas, que case anima a non organizalas. Por iso presentan a moción para pedirlle á Xunta de Galicia que flexibilice isto e que o verán que vén non pase o que está a pasar este.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que está de acordo, de feito estes días nos xornais díxose que se fixo algún tipo de modificación pero a norma segue a ter o artigo 41.c) cos mesmos requisitos. O que ten claro é que son demasiados impedimentos para as comisións de festas a nivel concello, incluso a nivel de Galicia. Trátase dunha normativa que se prevía como de emprendemento e competitividade económica e semella se introduciu estes requirimentos a calzador, xustificados polo famoso caso do Madrid Arena, así trasladar este tipo de espectáculos a festas populares ou patronais de calquera parroquia de Galicia ou de Fene non semella que teña moito sentido. Por iso apoian esta moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal mixto, Maria Carmen Martínez Rodríguez, que di que apoia a moción porque entende que nas parroquias pequenas as comisións de festas son un grupo de veciños que se xuntan para traballar e poder facer as festas patronais, e entende que a Administración lles debe facilitar os trámites o máis posible. Entenden certas circunstancias como poden ser os posibles incendios nos casos das bombas de palenque pero tanto trámite non lle parece necesario. Por iso apoiarán a moción.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o Concello de Fene adiantouse moito ao que podía vir cara ao verán coas festas coa entrada da normativa no mes de decembro, por iso o concello mantivo unha reunión, xunto a unha empresa externa, con todas as sociedades, asociacións e comisións de festas ás que se lle explicou as liñas básicas da normativa e no que ía consistir a posta en funcionamento de todo este tipo de trámites. Di que a moción é pouco ambiciosa porque non só afecta ás comisións de festas senón que tamén afecta a moitos outros actos. Para o goberno foi unha sorpresa atoparse con esta normativa e por iso puxo a disposición o asesoramento dos técnicos municipais e dunha empresa externa para axudar na tramitación dos permisos, proba disto, este ano en Fene todas as festas previstas vanse celebrar sen ningún tipo de problema, cando menos respecto á tramitación destes expedientes. En relación coa Circular que entrou en vixencia en xuño limitan os plans de autoprotección que existían, retíranse naqueles eventos que se fan en lugares pechados con máis de 2000 persoas, aqueles abertos de máis de 20000 e tamén nas instalacións pechadas desmontables, o que significa que as festas que se fan nestas condicións tramitaranse mediante comunicación previa, como unha licenza de obra menor. Esta normativa tenta dar seguridade aínda que é certo que moitos aspectos aínda se teñen que regular. O feito da vixilancia do Concello a través destas licenzas, que no son obrigatorias para todos, dan máis seguridade ao Concello, aos veciños e ás propias comisións porque vense cubertos pola autorización municipal, así pódese evitar fotografías como a publicada o ano pasado por un xornal respecto dunha festa na que se vía unha atracción montada enriba duns bidóns. A Fegamp comunicoulles hoxe que o vindeiro 18.07.2014 na súa reunión ordinaria, un dos puntos que tratarán será esta normativa. Por todo isto, o PP vai votar en contra polo xa manifestado, por seguridade e porque no concello non hai ningunha asociación ou parroquia que quedase sen festas,

así a administración local actuou con moita antelación poñendo todos os medios á súa disposición para que isto fose así.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que non se suspendeu ningunha festa das tradicionais debido ao compromiso e pola implicación dos membros das comisións de festas pero o temor, inqueda e malestar dos membros das comisións de festas hai, porque ao seu grupo chegaronlle queixas. Non dubida que o goberno municipal puxera medios a súa disposición pero aínda así a sensación de perigo para a seguridade xurídica dos membros das comisións están aí. Por iso pide que se apoie algo que é de sentido común, aínda que haxa que cumprir algúns aspectos de seguridade, como é obvio, así contra os bidóns no que se instalou a atracción nas festas de Barallobre do ano pasado sen esta Lei sería igualmente sancionable e o concello podería igualmente actuar. A Xunta de Galicia sacou hai uns días a Circular que flexibilizou a norma respecto do requisito de sacar licenza a todos aqueles festexos que non tiveran carpas, palcos ou atraccións de feira, é dicir, que calquera festa das que coñecemos segue precisando licenza. Por iso a moción pide que se escoite ás comisións e faga unha norma racional.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que moitas veces preténdese xustificar cousas dun xeito que non se debe. Acábase de dicir que de momento non se suspendeu ningunha festa e iso é normal, xa que as comisións estaban creadas, as actuacións estaban contratadas e demais. As consecuencias desta Lei veranse o ano que vén. Díxose que xa non fai falla pedir licenza para determinados eventos en función do número de persoas pero por outro lado séguese a contar co asesoramento dunha empresa externa e se non é preciso, ¿para que é preciso seguir preparando eses proxectos?.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que a inqueda foi para todos e tamén para o goberno. Esta normativa, dende o punto de vista técnico, inda se ten que desenvolver e a Circular ven a esclarecer ou especificar o que antes era xenérico e agora non é para todos. Falou dun plan de autoprotección, aqueles actos ou festas que precisen comunicación previa non precisan asesoramento pero o resto si. Por iso di que hai que ter un pouco de prudencia e espera que non pase nada, o que non está nas súas mans, que a seguridade que existe nun técnico que persoalmente ou a través da súa empresa asegura que na festa vaise cumprir unha serie de seguridade tamén é unha seguridade para a comisión de festas dende o punto da responsabilidade civil. Dende o momento que hai esta normativa o seu compromiso é cumprila e teñen vontade para colaborar con todas as entidades, asociacións e comisións. Tamén parécelle importante a reunión que vai realizar a Fegamp o vindeiro 18.07.2014.

Seguidamente intervén o alcalde que di que todas estas cousas teñen que entrar en rutina e á larga entran en rutina. Moitas das esixencias que hai hoxe pensa que non van ir cara atrás por moitas razóns, entre outras por razóns de responsabilidade civil. Respecto á responsabilidade civil que poden ter os integrantes das comisións di que el preferiría que lle esixiran uns poucos máis trámites e ter a súa responsabilidade civil cuberta, xa que deste xeito a responsabilidade non é que estea cuberta senón que se traslada, se traslada moito máis facilmente, xa que agora hai unha empresa de riscos que ten que supervisar todo o montaxe e a responsabilidade técnica non recaerá na comisión de festas senón que será na devandita empresa de verificación. Non lle parece excesivo que se lles esixa ás atraccións de feiras as Itv pasadas e os certificados dos aparellos. Á larga todo isto entrará en rutina e en estas determinadas cuestións será beneficioso.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta con 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado c), no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

2. Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego,



do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto.

6. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa necesidade de reforma da actual Constitución española

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor (1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 25.06.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa NECESIDADE DE REFORMA DA ACTUAL CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente abdicación do Xefe do Estado e a posta en marcha dos mecanismos institucionais previstos para a Sucesión á Coroa abriron un intenso debate social, institucional e cívico sobre a continuidade ou non da Monarquía Parlamentaria e sobre a necesidade de que os cidadáns definan, de novo, o Modelo de Estado para as próximas décadas.

É certo que estamos ante un Pleno Municipal e que o modelo de convivencia no Estado e a Xefatura do mesmo son asuntos tratados noutros ámbitos institucionais, pero non o é menos que o Salón de Plenos municipal é a casa de todos os cidadáns e cidadás e que o momento, a transcendencia do mesmo e o camiño a seguir no futuro esixen manifestar, con responsabilidade e claridade, a nosa opinión.

A actual Constitución española foi aprobada polas Cortes o 21 de xullo de 1978 tras ano e medio de negociacións. O resultado da votación arroxou unha abafadora maioría: 258 votos a favor, 14 abstencións (Alianza Popular e ERC), 2 en contra (EE e un deputado de Alianza Popular) e abandonando o Hemiciclo o oito deputados do PNV.

Dous meses antes, o 11 de maio, a Comisión Constitucional aprobaba o Artigo Primeiro que establecía a Monarquía Parlamentaria como forma política do Estado. Esta aprobación facíase coa abstención do PSOE, que a través do deputado Gómez Llorente presentou un Voto Particular defendendo a República. No entanto, como afirmou o deputado na súa brillante intervención, o Partido Socialista aceptaba o Texto Constitucional consciente da transcendencia do momento e a condición de que a Monarquía fose compatible coa democracia e se asentase e imbricase como peza dunha Constitución que sexa susceptible dun uso alterativo polo Goberno de dereita ou de esquerda que o pobo determine a través do voto e que viabilice a autonomía das nacionalidades e as rexións diferenciadas.

Finalmente, a Constitución era aprobada en Referendum o 6 de decembro, co 87,87% dos votos nunha convocatoria na que se abstivo o 32,8% do censo. A actual Constitución e o consenso político e cidadán en torno ao mesmo permitiron, desde aquel día, contar co período de liberdade e democracia máis longo da nosa Historia. Os 38 anos que pasaron supuxeron o desenvolvemento de sistemas públicos de dereitos antes inéditos e dunha arquitectura institucional na que as Autonomías cobraron especial protagonismo.

Os socialistas estivemos e estamos comprometidos con aquel consenso ao redor da Constitución Española, pero somos tamén conscientes do momento que vivimos e dos retos que teñen que asumir as xeracións presentes e futuras. Hoxe, no medio dunha crise económica e social de envergadura descoñecida, unha parte daqueles sistemas públicos que formaron parte central do noso acordo constitucional teñen sido desmantelados por políticas que en nada respectan o consenso do 78.

O desenvolvemento das Comunidades autónomas e o mantemento intacto das restantes institucións esixen hoxe un replantexamento do Estado en todas as súas liñas para adecuar o mapa institucional á realidade e facelo sobre un novo acordo político e cidadán. As tensións territoriais e, en concreto, o



desafío secesionista que manteñen hoxe as institucións catalás esixen algo máis que estratexias políticas de curto alcance.

Finalmente, os cidadáns apelan hoxe á participación nas institucións, a opinar, a decidir, a ser tidos en conta e ser consultados nas circunstancias máis diversas. Unha maioría do noso país non tivo a oportunidade no seu día de participar no Referendum nin no referendo Constitucional. É obvio que a complexidade do momento, a pluralidade política ao longo destes anos, a madurez democrática da nosa sociedade e a envergadura dos problemas actuais, esixen situar as respostas no ámbito dun novo consenso constitucional, dun novo acordo para a convivencia colectiva.

Durante o último ano, o PSOE propuxo en varias ocasións a necesidade de iniciar un proceso de Reforma da Constitución Española. Somos conscientes de que ese proceso non admite improvisacións e esixe xenerosidade política, formulacións rigorosas e participación do conxunto dos cidadáns. Cremos que a maioría dos elementos que permitiron o consenso histórico do 78 seguen vixentes, pero pensamos tamén que é imprescindible renovar, desde o debate, o acordo e o referendo cidadán, un acordo desta natureza e que nese debate, debe incluírse tamén a Forma de Estado.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Enviar ás Cortes Xerais e ao conxunto das forzas políticas parlamentarias a proposta de iniciar un proceso de REFORMA CONSTITUCIONAL, no marco das previsións do propio texto, que alcance á arquitectura institucional (Senado, deputacións, mapa local...), os acordos territoriais e a blindaxe dos dereitos sociais.
2. A REFORMA e o consenso constitucional deben alcanzar, así mesmo, a Forma de Estado recollido no Artigo Primeiro do actual texto Constitucional, optando pola nosa parte pola República como nova forma de xefatura do Estado.
3. Tal e como está previsto, o proceso de acordo debe ser referendado polos cidadáns nun REFERENDUM."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que a moción está relacionada co debate que houbo no Pleno do mes pasado suscitado a raíz da sucesión da xefatura do Estado, da sucesión do Rei Juan Carlos. No Pleno do mes pasado dixeron que o partido socialista de Fene tiña a vontade de apoiar a moción que se presentou solicitando unha consulta aos cidadáns deste país para decidir si optaban por unha xefatura do Estado republicana ou monárquica e que todo iso se enmarcase nun sistema de reforma constitucional que ten que ir moito máis aló, xa que a cidadanía está reclamando que vaia máis aló da propia xefatura do Estado. Na moción do mes pasado abstivéronse porque incluíuse un punto que contiña o dereito de autodeterminación de Galicia co que non estaban de acordo e a abstención non permitiu que o Pleno se pronunciase a favor de algo, que pensa que é unánime na Corporación municipal, que é o sentimento republicano, cando menos a necesidade de que a cidadanía española decida sobre a forma da xefatura do Estado queira, por iso presentan esta moción ao Pleno. Queren un Estado máis eficaz, transparente e democrático, camiñar a un Estado federal que supere o Estado autonómico e blindar os servizos sociais desfacendo a desfeita do ano 2010 de modificación da Constitución para garantir o cumprimento de déficit.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non quere reproducir o debate do Pleno pasado. Pensa que se pode pedir e votar en referendo todo, non só cousas determinadas, así ¿porque non se pode pedir o dereito a decidir dos pobos e si monarquía ou república?. Centrándose na moción di que hai unha cousa que non lle gusta nada que é a terminoloxía que se emprega nalgunha parte da moción onde di "as tensións territoriais" ou o "o desafío secesionista que manteñen hoxe as institucións catalás", esta terminoloxía a está utilizando o Ministerio do Interior, que dirixe o partido Popular, terminoloxía moito máis acorde aos tempos de Felipe II e non de Felipe VI e pouco agradable, cando menos, para

os nacionalistas. O criterio do seu grupo será o mesmo que o doutro día, por iso propón unha emenda na que se contemple no punto 1 que recoñeza enviar ao Estado os acordos territoriais que inicien un proceso constituínte para garantir o dereito á autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español, recoñecendo o seu dereito a decidir. Se se acepta unha emenda que inclúa isto non tería ningún problema en votar a favor.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que non van aceptar a emenda cando no Pleno pasado foi esa a súa razón para non apoiar aquela moción. Pensa que isto son 2 batallas diferentes, non di que non se poida pedir un referendo para a autodeterminación de Galicia, algo que é lícito pedilo pero o terán que pedir forzas políticas que creen nese dereito, e coa mesma liberdade, o seu partido non cree nese dereito de decisión dos pobos. En todo caso unha cousa é solicitar un referendo para que a cidadanía española decida entre monarquía e república, cousa que poden pedir conxuntamente todos, e outra cousa sería a batalla da autodeterminación de Galicia á que se poderían unir aquelas formacións políticas que estean a favor diso, sen necesidade de mesturar nada e buscando aquilo que os une e non aquilo que os poida separar. Respecto da linguaxe di que probablemente puidera estar redactada dun xeito menos belixerante pero é certo que se producen certas tensións políticas ou territoriais derivadas do proceso soberanista catalán. En calquera caso se a linguaxe da exposición de motivos presenta algún problema non teñen ningún problema en modificar esas expresións ou en suprimir directamente toda a exposición de motivos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que pensa que logo de que se pide que se faga unha reforma constitucional se debe ter en conta a autodeterminación, precisamente cara a evitar as tensións secesionistas. Dille ao voceiro socialista que dixo que o seu grupo non está a favor da autodeterminación ou do dereito a decidir dos pobos e pode ser que el non estea a favor disto pero na súa organización hai moita xente di o contrario, así se recolle nas manifestacións de distintos líderes importantes do PSOE. Non obstante como non se acepta a emenda vanse abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a moción a deixa un pouco descolocada no sentido de que se pida unha modificación da Constitución cando a súa formación xa o pediu hai un par de anos e o voceiro socialista díxolle que non a entendían necesaria, que o que había que facer era cumprir a Constitución que había. Entende que a Constitución precisa algúns cambios, o primeiro sería modificar o artigo 135 modificado polo PP e polo PSOE nunha fin de semana e entende que o dereito á autodeterminación de Galicia o entende dende o punto de vista de que se pode ser ou non nacionalista, e o seu grupo non o é, pero si está de acordo en que cada un poida ter o dereito a decidir, que é o que se está a propor. Por todo isto vaise abster.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o goberno municipal vaise quedar co que se di na exposición de motivos de que isto son asuntos tratados noutros ámbitos institucionais, por iso ínсталles aos concelleiros a que lle acheguen aos seus compañeiros do Congreso dos Deputados, do Senado ou das Comunidades Autónomas, porque son os competentes para solicitar a modificación da Constitución. Por iso o seu voto será en contra da moción.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que só escoitou a Eduardo Madina falar deste tema para desmentirse as poucas horas. O PSOE ten unha proposta clara e aprobada polos seus órganos, defendida tanto no Parlamento de Cataluña como no Congreso dos Deputados que non é o referendo en Cataluña senón que é a modificación da Constitución para recoñecerlle a Cataluña e ao resto de países que representan o Estado español un estatus de Estado federal, para logo poder falar de financiamento, dereitos e demais. Respecto do dito pola voceira do grupo mixto municipal dille que xa levan varios anos compartindo actos da Constitución e se algo fixo ao longo destes anos foi falar da necesidade de reformar a Constitución, sempre fala que ten que ser actualizada e avanzada aos novos tempos. Só houbo un ano no que quixo poñer en valor determinados puntos da Constitución, aqueles cualificados de xeniais pola voceira do grupo mixto, como que todos os cidadáns teñen dereito a un traballo, a unha vivenda, dereitos que nos primeiros anos do goberno do PP as reformas que fixeron foi restrinxir aínda máis o propio corsé que a propia Constitución podía establecer, por iso aquel ano dixo que sen necesidade de modificar a Constitución era posible conseguir maiores taxas de benestar social e avanzar máis en dereitos laborais e sociais do que se estaba facendo.



Lamenta que a moción non saia adiante, o seu grupo pretendía debater exclusivamente sobre a cuestión republicana deixando á marxe outros temas no que non están a favor e que respecta, e respecta que outras formacións políticas inicien ese debate.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que hai que entender a súa reticencia cando presentan esta moción 15 días despois de votar a favor da investidura de Felipe VI.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que os que están aquí sentados non votaron a investidura de ninguén. Os deputados do PSOE tampouco votaron a investidura de Felipe VI, votaron a aceptación do Rei Juan Carlos, que non é exactamente o mesmo, xa que se morrese en vez de abdicar non habería que votar nada no Congreso dos Deputados.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 6 votos en contra do grupo municipal do PP, 5 votos a favor do grupo municipal socialista e 6 abstencións (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto).

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa necesidade de adoptar de maneira inmediata un plan de apoio á alimentación infantil

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 27.06.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa NECESIDADE DE ADOPTAR DE MANEIRA INMEDIATA UN PLAN DE APOIO Á ALIMENTACIÓN INFANTIL, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A longa crise económica que vimos padecendo, xunto cunha política descontrolada, por parte do Goberno de Rajoy, de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar o aumento dramático da pobreza no noso país. Así o reflicte a Enquisa de Condicións de Vida correspondente a 2013 que publica o Instituto Nacional de Estatística, que indica que un de cada tres cidadáns (o 27,3%) está en risco de pobreza ou exclusión social. As cifras de privación material severa, de baixa intensidade de emprego nos fogares e de pobreza relativa, tamén empeoraron.

Pero o máis grave destes datos é que o risco de pobreza afecta sobre todo aos nenos e nenas. Un recente informe da organización Save The Children cifraba en case tres millóns (2.826.549) as nenas e nenos en situación de pobreza. Dende o Observatorio Social de España sinalan que o noso país encabeza a lista entre os que máis aumentou a pobreza infantil nos últimos anos. En España, a porcentaxe de nenos que viven en fogares con pobreza extrema, creceu máis de 4 puntos porcentuais desde que empezou a crise, a cifra máis alta de toda a UE, só por baixo de Romanía e Bulgaria.

Os efectos da pobreza infantil son altamente prexudiciais e relaciónanse con problemas de saúde na idade adulta. O impacto da mala nutrición ou a falla de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo, comprometendo non só o futuro deses nenos e nenas, senón o de todos, diminuíndo a capacidade económica e produtiva do país.

Aínda que existe unha estreita relación entre a situación de pobreza dos nenos e o desemprego dos seus pais ou a perda de renda destes, as políticas públicas ben orientadas poden facer moito pola infancia para contrarrestar os efectos das devanditas situacións de pobreza. Como destaca o último informe da Oficina de Investigación de UNICEF sobre benestar infantil en países ricos, a experiencia acumulada e constatada di que aqueles países que en situacións de crise fixeron maior esforzo en medidas de apoio á infancia (protexer recursos educativos, sanitarios e sociais dirixidos aos nenos e as familias) saíron máis reforzados das mesmas.



A pobreza infantil fíxose máis intensa, aumentando a distancia entre as rendas dos pobres e o limiar da pobreza. Dito doutras formas, e tal como UNICEF Comité Español expuña xa en 2012, cada vez hai máis nenos e nenas pobres e cada vez son máis pobres. A propia Cruz Roxa, neste mesmo ano 2014, sinalou un aumento en 3.419 menores novos (o 5,8% máis) que a entidade atendeu este ano, e que elevan até 61.792 a cifra total de nenos asistidos pola organización.

A falta de ingresos nos fogares pola profundidade da crise xa está a provocar que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida. O déficit alimentario afecta o desenvolvemento do menor, ademais de aumentar o risco de sufrir enfermidades respiratorias e cardiovasculares, así como de infeccións. A inseguridade do risco de pobreza ten xa de seu enormes consecuencias no presente e no potencial de desenvolvemento dos nenos, sementando un xerme de desigualdade que irá presentándose no futuro desenvolvemento cara á vida adulta.

Os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero atopámonos ante un final de curso incerto no que esta necesidade pode quedar desatendida ao pechar o centro escolar, e por tanto o servizo de comedor.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha, de maneira inmediata, un "Plan de Apoio á Alimentación Infantil" que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopan en situación de necesidade teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, e garantir o acceso dos menores, polo menos, a tres comidas diarias, e facilitar o acceso a unha dieta o máis equilibrada posible para evitar problemas de malnutrición infantil; habilitando para iso todos os medios a disposición das administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, e tendo en conta a contorna familiar e o plan escolar.

2. Instar ao Goberno Municipal a fin de que este plan inclúa os mecanismos e actuacións necesarias para que, dende a finalización do curso no mes de Xuño de 2014, estean dispoñibles servizos de comedor infantil nos centros escolares."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que a moción enmárcase no debate que se dá no conxunto do Estado e en Galicia nas últimas semanas, froito da crise económica, das políticas e dos recortes que se impoñen para saír desta que xunto ao desemprego alarmante que afecta á poboación deste país son cada vez máis os nenos e nenas que directamente pasan fame, nenos e nenas que cando menos durante o curso escolar teñen garantida unha comida ou comida e media nos comedores dos colexios e que supón unha axuda para as familias e a prevención da mal nutrición das nenas e nenos. O problema comeza co inicio das vacacións de verán e os comedores dos colexios pechan, así as nais e pais que non teñen cartos para alimentar convenientemente aos seus fillos non teñen outros recursos que buscalos ou pedilos por quedar desprotexidos da cobertura que lles ofrecen os comedores durante o ano. O PSOE presentou nos diferentes Parlamentos autonómicos iniciativas para que os gobernos autonómicos garantan a apertura dos comedores escolares durante o verán para que aqueles nenos e nenas que o precisasen. No caso de Galicia o PP opúxose utilizando un argumento insultante, que isto o que facía era visibilizar a pobreza e estigmatizar aos nenos e nenas que acudisen aos colexios a comer. Para isto está o máis lonxe da realidade, xa que o problema é que os nenos non comen e non que se visibilice a pobreza. Como exemplo pon a Comunidade autónoma de Andalucía, que é unha das dúas Comunidades que decidiu abrir os colexios e o fixo organizando actividades durante a semana como se os colexios fosen campamentos de verán e ademais comen. En Galicia isto mesmo o están facendo algún colexio concertado, non así os públicos. Por iso debido á que a Xunta de Galicia decidiu non actuar presenta esta moción.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que votarán a favor da moción. A maiores quere pedir, incluso preguntóuselles na Comisión se



en Fene había algunha nena ou neno que tiveran comedor escolar mediante axudas de emerxencia social e contestóuselles que non, sen embargo nalgún colexio, ao comentar este asunto, díxoselles que si había algunha necesidade neste sentido. Por iso gustaríalles que dende Servizos Sociais se fagan xestións e se faga un estudo, xunto cos colexios, para saber cales son esas necesidades. Por iso, segundo o dito polo voceiro do grupo municipal do PSOE, igual que se fan actividades como o Verán máis Alá, podíase facer actividades para solucionar os casos que aparecesen.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez, que anuncia que está a favor da moción e que vota de menos nos orzamentos municipais unha partida para este tema de alimentación infantil, que tamén vota de menos un comedor social en Fene, ao que habería que darlle forma nun local para que poida ter un inicio e logo unha continuidade. Di que a idea formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG está ben, falar cos colexios ou incluso de poñer comedor no Verán máis Alá, que sería un xeito de que os nenos puidesen ter cando menos unha comida diaria.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que votarán a favor da moción. Queren esclarecer o punto segundo da moción e substituír onde pon "centros escolares" por "que se sigan a axudar as familias en situación de vulnerabilidade con menores a cargo". Isto ven derivado do dito pola concelleira de Servizos Sociais na Comisión cando dicía que no Concello, en Servizos Sociais, non existiu durante este curso escolar 2013-2014 ningunha solicitude de subvención para comedor, o que non quere dicir que non existan nenos nesta situación e que estas necesidades sexan cubertas polas axudas de necesidade básicas, previstas orzamentariamente, por iso a concelleira de Servizos Sociais dixo que as axudas estarían cubertas polas axudas de necesidade, aínda que non se pedisen axudas de comedor. Por iso propón a emenda á moción, xa que o Concello presta as axudas a través dos servizos de Servizos Sociais.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que si a axuda garante as tres comidas diarias todos os días estaría de acordo.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que o BNG apuntou que primeiro se fixera un estudo xa que obxectivamente os datos que constan non indican esta necesidade, polo que semella lóxico primeiro que con toda a discreción Servizos Sociais faga un estudo no sentido de ver se de verdade existen familias neste concello que precisen esas tres comidas diarias. A moción podíase emendar no sentido de facer ese estudo e logo actuar. Di que isto non é unha cuestión de política senón que é de humanidade.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que xa dixo que os Servizos Sociais avaliasen se hai persoas nesta situación porque ao seu grupo chéganlle novas neste sentido.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que seguro que hai veciños que saben da situación de necesidade doutras familias pero iso non llo comunican ao concello e esas persoas en necesidade tampouco veñen. Por iso pensa que Servizos Sociais pode facer esa investigación.

O voceiro do grupo municipal do PSOE di que está de acordo con que se investigue e se se detecta algún caso se poña en marcha o plan.

Sometido o asunto emendado a votación é aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Que os Servizos Sociais municipais fagan un estudo sobre a existencia real para coñecer as necesidades reais destas necesidades básicas, para que, se é o caso, se poña en marcha, de maneira inmediata, un "Plan de Apoio á Alimentación Infantil" que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de necesidade teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, e garantir o acceso dos menores, polo menos, a tres comidas diarias, e facilitar o acceso a unha dieta o máis equilibrada posible para evitar problemas de malnutrición infantil; habilitando para iso todos os medios a disposición das

administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, e tendo en conta a contorna familiar e o plan escolar.

2. Instar ao Goberno Municipal a fin de que este plan inclúa os mecanismos e actuacións necesarias para que, dende a finalización do curso no mes de Xuño de 2014, estean dispoñibles servizos de comedor infantil nos centros escolares.

8. Aprobación, se procede, do expediente de aprobación do orzamento municipal e o cadro de persoal para o exercicio 2014

Consta no expediente o proxecto de orzamento 2014, o informe de intervención do 19.06.2014 e a seguinte proposta da alcaldía do 23.06.2014, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 30.06.2014 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal do PSOE, 1 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- APROBACION INICIAL ORZAMENTO E PLANTILLA DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2014

Logo de ver o proxecto de orzamento xeral para o exercicio 2014 por un importe de 10.927.183,02 €.

Habida conta que a estrutura orzamentaria axústase ás normas contidas na Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro; que no estado de ingresos recóllense as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar e no estado de gastos os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles á corporación; que se formou o orzamento Xeral con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que no orzamento non existe déficit inicial.

En virtude do establecido nos artigos 14.5 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a corporación fixará anualmente a plantilla de postos de traballo a través do seu orzamento. Logo de ver a proposta da Plantilla comprensiva da totalidade das prazas reservados a funcionarios e personal laboral.

De conformidade cos artigos 168.4-5 do RDL2/2004, de 5 de marzo e art. 90 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse, previo dictame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2014 que ascende a un importe de 10.927.183,02 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

	GASTOS		INGRESOS	
Cap.	Descrición	€	Descrición	€
1	Gastos de persoal	4309618,38	Impostos directos	4138414,06
2	Gastos correntes e servizos	4717422,78	Impostos indirectos	59100,00
3	Gastos financeiros	52500,00	Taxas, prezos públicos	2778073,33
4	Transf. Cttes	625958,76	Transf. Cttes	3412134,05
5			Ingresos patrimoniais	49645,42
6	Invest. Real	735541,79	Aleamento bens	0,00
7	Transf. Capital	0,00	Transf. Capital	439816,16
8	Activos financeiros	50000,00	Activos financeiros	50000,00
9	Pasivos financeiros	436141,31	Pasivos financeiros	0,00
	totais	10927183,02		10927183,02

Segundo.- Dispoñer que as modificacións de crédito CE01/2014, TC01/2014, TC03/2014, SC01/2014 realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento



que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

Terceiro.- Expoñer ó público por un periodo de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

Cuarto.- Aprobar inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

Fene, 23 de xuño de 2014
O alcalde,
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que estes orzamentos alcanzan os case que 11 millóns de euros que inclúen a estrutura esixida legalmente. Respecto dos ingresos, no Capítulo I destaca a suba por última vez do 6% do IBI. No Capítulo II hai unha cantidade pequena xa que nesta época o imposto de construcións, basicamente non é moi grande. No Capítulo III destaca a conxelación das taxas para o 2014 e a derogación da Ordenanza fiscal de telefonía móbil. O Capítulo IV supón un recurso importantísimo sobre todo polos gastos de persoal. No Capítulo V destacan os xuros bancarios, neste apartado di que estase en trámites de negociación para obter máis intereses polos cartos que non se poden dispoñer, para que rendan algo máis. O Capítulo VI está baleiro e o VII destaca a inclusión das subvencións da Deputación, incluídos o POS 2014, o DTC 93 e demais. O Capítulo VIII inclúe 50000 euros pero non ten impacto orzamentario xa que se trata do reintegro ao persoal e engade que non se prevé ningunha operación de crédito.

Prosegue a dicir o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal que os ingresos son froito dun longo traballo da Intervención. Así houbo que paliar as subas dos subministradores ou a suba de Sogama. Para isto fíxose un gran esforzo negociando coas empresas subministradoras ou de telefonía. No capítulo de gastos, na parte da débeda pública e da súa amortización, aplícase menos que nos últimos orzamentos aprobados, aínda así a débeda pública ronda o millón de euros aproximadamente. As partidas de órganos de goberno e administración conxélanse, só cabe destacar que a inclusión da paga extra conxelada no seu momento do persoal laboral, que haberá que pagar segundo sentenzas xudiciais, e consíganse orzamentariamente a do persoal funcionario. Nos presupostos teñen impacto os axustes da enerxía eléctrica segundo as inversións feitas en aparellos con maior eficiencia enerxética ou nas revisións dos prezos que se pagan ás compañías eléctricas ou o derivado do contrato da telefonía. Por mor de sentenzas xudiciais, tamén hai que ter en conta diversos gastos derivados de sentenzas xudiciais de épocas anteriores e a inclusión do mantemento da Wifi instalada nos parques municipais. Tamén salienta que desaparecerá a xestión catastral si se aproba o punto que ven logo, pois a Deputación non reportará ningún gasto. Respecto da administración e estatística salienta a aplicación da RPT. Respecto ás relacións con outras entidades territoriais salienta o aumento na achega a Costa Noroeste. Respecto da partida de Seguridade e orde público aumenta un pouco por impacto das pagas extra e as melloras en formación.

Prosegue o concelleiro Juan José Franco Casal dicindo que quere destacar do orzamento de gastos o apartado de Protección Civil, que se dignifica aumentando a partida, que pasa a duplicarse para apostar por un persoal que non cobra pola súa labor. Tamén se mellora os servizos contra incendios. En urbanismo o orzamento reflicta a seguinte fase do PXOM e a compra do edificio da Cámara Agraria. Respecto de vías públicas refléxanse obras que xa están consensuadas como o DTC. En relación coa recollida e eliminación de residuos apunta que hai que facer un maior esforzo para o pagamento de Sogama, que incrementa case que 100000 euros máis que nos derradeiros orzamentos. Tamén destaca a negociación que hai coa Mancomunidade para poder revisar o custe dos voluminosos. No apartado de limpeza viaria apenas hai gasto e na partida do cemiterio non hai moitos cambios. No tema do alumeadado público hai impacto no gasto que baixará o gasto nos vindeiros anos grazas a apostas importantes, incluso coa colaboración doutros concellos na solicitude de subvencións á Xunta de Galicia. A partida de parques e xardíns quedaría practicamente igual e faise unha achega maior para mellorar os parques infantís. Respecto das actuacións medioambientais asegúrase a mesma partida para a limpeza de praias. En relación co gasto dos empregados públicos advirte un erro que non afecta para nada a súa execución, que é a achega das pensións do 2011

C.I.F.: P-1503600-G

cando debe ser a correspondente ao 2010. En servizos sociais lamenta ter que consignar, segundo o fallo dunha sentenza xudicial, máis de 100000 euros, cousa que descolocou bastante a confección destes orzamentos. O orzamento inclúe tamén unha partida para un plan de emprego, que aínda modesto, tamén ten o seu reflexo, non obstante, nesta parte de acción social é onde se fai a maior aposta deste goberno municipal, aínda que lle gustaría que esta área non tivese tanto gasto porque significaría que a situación é mellor. No servizo de axuda do fogar aumentase o gasto pasando duns 120000 euros a uns 350000 euros. Tamén aumentan as axudas de emerxencia social e o orzamento reflexa o convenio que se asinará con Cáritas por importe de 9000 euros. Quere destacar o fomento de emprego, que é unha das apostas importantes destes orzamentos, non xa polo plan de emprego, que existe e que poderá dar lugar a unha contratación duns 5 traballadores, senón que tamén refléxase orzamentariamente nesta área toda a aposta do ano pasado en materia de cursos, así destaca a formación dual que xa saíu publicada no DOGA ou que a cobertura que se lles dá aos obradoiros de emprego. Na xestión educativa destaca o proxecto da escola infantil e consolidanse outras partidas educativas e culturais, incluso prevense partidas novas para promoción cultural. Remata a súa intervención, o concelleiro Juan José Franco Casal, dicindo que os orzamentos fan unha aposta pola promoción económica e turística e polas inversións. Apóstase polos temas sociais, emprego e promoción.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que agradece que a exposición dos orzamentos non fose breve xa que precisaban dunha ampla explicación porque pensa que son uns orzamentos que teñen historia e historias, pero tamén había que ter explicado outros datos. A historia destes orzamentos é peculiar porque denota a rigorosidade e seriedade con que este goberno se toma o traballo, que é algo como unha das decisións máis importantes que o Pleno ten que tomar en todo o ano. O goberno presentoulles uns orzamentos hai aproximadamente un mes onde se detectan erros contables e de sumatorio en máis de 200000 euros. Todos se poden equivocar e é bo rectificar, así logo de negalo nos medios de comunicación onde debateron co alcalde detectaron os erros que descadraban os orzamentos, xa que había menos ingresos que gastos. Logo de corrixir isto, dúas semanas despois nos achegan uns novos orzamentos que volveron ser estudados na súa totalidade pois o goberno non lles advertiu cales foron as cousas que se corrixiron. Nestes novos orzamentos reducíronse 100000 euros de gastos e aparecen outros tantos en ingresos, no IBI urbano, polo que preguntáronse, ¿que pasou?, xa que non debería haber un erro de suma nuns orzamentos, pero si xorden estes cartos de baixo as pedras é algo que debía ser, cando menos, explicado. A explicación que se lles deu foi que se trataba doutro erro, o que lles sorprendeu, xa que entón non había un erro de suma senón que delata que non se saben cales son os ingresos, e iso parécelle moi preocupante, ademais de introducir doses de pouca credibilidade dos datos facilitados polo goberno. De todos os xeitos, o seu grupo asumiu o debate orzamentario, seguiron co estudo do documento e atoparon que se seguían mantendo boa parte dos erros, ademais mantense algúns erros que lles fai sospeitar que eses non son os orzamentos do goberno, que alguén os fai pero delatan que non son elaborados ou revisados por todo o goberno, o que lle parece máis preocupante. Os primeiros orzamentos facilitados contiñan determinadas obras que o alcalde lles anunciara, case que unha semana despois, que non tiñan cabida no DTC e ditas obras seguíanse mantendo no documento achegado, o que denota que o concelleiro de Obras e Facenda non deberon falar moito. Sobre os orzamentos presentados e corrixidos tamén obsérvanse cousas curiosas nas áreas de gasto da biblioteca e arquivos que dotan unha partida para un un programa da Consellería de Cultura, programa que desapareceu hai 2 anos, polo que semella que a concelleira de Facenda e Cultura non falaron disto e non se revisou. Na área de gasto de recollida de residuos o sumatorio e os desgloses teñen unha diferenza de 54000 euros máis de gastos, así que logo de revisar os apuntes contables detectaron un erro nunha cantidade de xeito que sumáronse 60000 euros en vez de 6000, por iso isto que poden ser pequenas tonterías delata que o concelleiro de Servizos non revisou as súas contas. Na área de Servizos Sociais, en saúde, atoparon que a suma das partidas non dan exactamente a suma que se reflexa, en cambio a suma dos gastos de persoal e horas extra si que dan, por iso sinala que é a primeira vez que ve que hai gastos de persoal imputados ao Capítulo II do orzamento. En definitiva a historia das historias destes orzamentos e a imaxe que lles trasladan é que o goberno non ten seriedade no traballo orzamentario, que é un dos máis importantes do ano, e que non existe coordinación e se existe, roga que lle dean algunha explicación razoable a estes erros porque non entenden se é falla de coordinación ou falla de seriedade. Non pode responsabilizar totalmente ao concelleiro de Facenda porque dificilmente pode abarcar todas as áreas aínda que, se cadra, é o responsable.

Prosegue a dicir o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que pasando das pequenas miserias do orzamento, estes son uns orzamentos de máis de 10 millóns de euros que



xa van executados máis de 6 millóns de euros, o que supón un 60%. Falando do 40% restante que falla por executar, menos o Capítulo de persoal que é de máis dun millón de euros e o restos das partidas de suministros como as dos gastos de luz e demais que se van gastar si ou si, ao final queda menos do 20%. A isto súmase que presentan estes orzamentos no Pleno 8 meses tarde, xa que se debían ter debatidos e aprobados en novembro para poder comezar a funcionar con eles en xaneiro, non obstante non lle vai pedir ao goberno o que o seu grupo non foi quen de facer cando gobernou, pero eles presentaron a proposta de orzamentos en xaneiro. En calquera caso, o que lles están pedindo non é que se aprobe un orzamento senón a memoria dos seus gastos, pero ditos gastos non son da Corporación senón do seu goberno. Iso é o que lles presentan, unha execución de gastos do 1º semestre do 2014 cunha proxección de gastos que xa están, senón adxudicados si comprometidos, que deixa sen marxe de decidir apenas nada.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, prosegue a dicir que entrando no detalle dos orzamentos e o tipo de orzamentos presentado atopasen cousas curiosas como que nos capítulo doutros gastos, que segundo a tradición deste Concello era usar estas partidas nas áreas de gasto cando había gastos moi pequenos ou non relevantes que ían supor 15 ou 20 apuntes máis, neste orzamento dúplícanse este tipo de partidas de xeito que hai partidas que cualifica como escuras, así na Área de Cultura hai, á súa vez, unha partida doutros gastos diversos, polo que pregunta, ¿cal é o seguinte que van inventar para non dicir a realidade?. Por outro lado hai pouco tempo o alcalde sorprendeulles nun programa de televisión coa adopción dunha medida estelar que era a disposición de 500000 euros que tiña retidos, por orde do goberno do Estado, que ía poñer a prazo fixo, así destínase esta contía que a volve ir cara os bancos, como hai 2 anos, que quitaron do que podían inverter para beneficio dos veciños de Fene e déronllo aos bancos.

Neste momento abandona a sesión o concelleiro Justo Martínez Ardá, cando son as 19.50 h.

A continuación intervén o alcalde que dille ao concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que non minta, que o expediente está en Tesourería para ser consultado.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, prosegue a dicir que hoxe asumen novamente que o goberno do Estado lles mantén retidos estes cartos dos veciños de Fene e os van poñer a prazo fixo co efecto dunha redución de inversión en Fene de medio millón de euros, que chegados a este punto e logo de ver os intereses que van xerar os cartos case prefere que se amortice débeda, porque os bancos cobran moito máis polos intereses da débeda do que lles van pagar polos intereses dos cartos a prazo. Non obstante a postura do PSOE é que os cartos deben estar onde fan falla e os cartos deben ser para os veciños, para darlles os servizos que precisan e para facer obras que son necesarias. Na Área de Servizos Sociais incrementábase preto de 200000 euros respecto do ano 2010, o que é certo, pero non é menos certo que dende 2010 a Xunta de Galicia comunicoulle ao concello que tiña que incorporar e darlles atención a moitos dependentes e iso hai que dotalo orzamentariamente, por iso a Xunta de Galicia transfere unha cantidade importantísima de cartos e o goberno de Fene, por outro lado, aumentoulle as taxas aos usuarios, o que reflexa que a achega municipal realmente é ridícula na prestación de servizos aos seus cidadáns, así hai máis orzamento porque hai que prestar este servizo que é obrigatorio por Lei, pola Lei de dependencia aprobada polo goberno socialista. As únicas novidades salientables que se ven son dúas, por unha parte o incremento de emerxencias sociais de 11000 euros, que co que choveu dende 2010 a 2014 só son estes cartos, por iso dille ao goberno que algunha vez terán que enterarse que a saída desta crise económica non vai dar á situación que había antes, que se vai cara a unha sociedade diferente e con máis diferencias, con máis inxustizas e con xente que vai necesitar moitísima axuda das institucións para integralos nesta sociedade e darlles unha vida digna a eles e aos seu fillos. Tamén dótase dunha partida de 8000 euros para darllos a Cáritas, parécelle ben que se lle dean cartos a entidades que colaboran coa cidadanía, ou que dan asistencia ou fan caridade pero isto o que denota é o fracaso do goberno, a súa renuncia a ter un sistema público sen ningún tipo de concesións que atenda a todos os cidadáns por igual valorando equitativamente as súas necesidades, renuncian a reformar os Servizos Sociais para que atendan á cidadanía coa rapidez que precisan, a adaptar os Servizos Sociais ás novas necesidades de hoxe en día e o deixan nas mans da boa vontade de xente, que no seu tempo libre dedícase en tempos á caridade e a vertebrar de novo esta sociedade. Esta é unha boa renuncia de quen ten encomendado a xestión da administración máis próxima aos cidadáns, así de Servizos Sociais, este goberno nin sabe nin quere aprender. En Sanidade estes orzamentos non din nada, non se lembran de que hai cidadáns que teñen pensións non contributivas inferiores a 500 euros e que grazas ao seu goberno teñen que pagar cada vez máis medicamentos. Na promoción de emprego non se pode estar orgullosos pois entre un programa de

C.I.F.: P-1503600-G



promoción de emprego humilde e o ridículo hai moita diferenza, por iso dille ao concelleiro de Facenda que lles ofrece o ridículo. Cando falou cos grupos da oposición, a oferta do grupo municipal do BNG falouse de mínimos, porque xa sabían que o Concello non podía facer moito, e falouse de 190000 ou 200000 euros, e isto ao final quedou en 22000 euros para 5 contratados segundo a súa reforma do mercado de traballo, que dá para moito con estas cantidades. Respecto dos investimentos por fin hai unha cantidade que se pode ler, pois xa estaba ben de vivir da herdanza recibida dos 2 millóns de euros en obras que lles deixou o goberno socialista para que este goberno puidera contratar e gastar, agora hai unha dotación de 735000 euros, menos da metade do que orzamentaron os gobernos do partido socialista no ano 2010, logo de 2 anos do comezo da crise no que se dotaba de 1,5 millóns de euros, non obstante agradácese o esforzo logo de que o ano pasado se dotase con menos de 300000 euros.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, prosegue a dicir que logo falouse dos líos iniciais, das cousas de atrás, de canto se debe e canto houbo que pagar, que está ben ser transparente, pero haino que facer con coidado porque as herdanzas só as pode deixar quen pasou polo goberno, como asumiron eles xestionando as que recibiron por estes ou máis importes e por isto di que o goberno socialista foi quen de facer algunhas cousas e outras quedaron, así o problema de Radiodifusión non foron quen de arranxalo en 4 anos pero este goberno municipal noutros 3 anos tampouco, e así viñeron estas demandas e outras que virán. Respecto do catastro di que hai 2 demandas xudiciais da empresa que o fixo, unha referida á época de goberno socialista e outra íntegra desta etapa de goberno e as 2 saen a pagar. Di que asistiu en calidade de testemuña a algún xuízo no que o avogado do concello chegou ao xuízo oral cando apenas faltaban 15 minutos para o remate da vista oral, logo de que xa testemuñaran 4 de 5 testemuñas. Ese é o tipo de avogados que o goberno contrata para a defensa do concello e, deste xeito, non lle estraña que haxa que pagar. Do resto de cuestións xudiciais di que son problemas que veñen de cando se fixeron os contratos, de cando as administracións funcionaban doutra maneira e as normativas eran doutro xeito, e a xente que había naquel momento, hai 15 ou 20 anos, tomarían as decisións que mellor lle pareceron, non obstante, rógalle ao actual goberno que as cuestións que quedan pendentes son para arranxar, como calquera que recibe unha herdanza, xa que os concellos son entidades vivas que non comezan e acaban con cada legislatura.

Prosegue a dicir o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que do orzamento vese unha cousa con claridade, este goberno non ten un proxecto para Fene, nin debuxa unha soa pincelada ou unha liña neste orzamento. Este é o goberno que esquece aos seus cidadáns, iso si, colabora coa banca con medio millón de euros. Non se ven uns orzamentos con proxecto de Fene nin con proxecto de goberno, xa que os membros do goberno non viron ni se interesaron polo proxecto, pois os erros que presenta o documento sería evitables cun pouquiño de traballo e atención. Igual este goberno aspira a vivir de cubrir fochancas e de poñer luz nos farois, non obstante espera velos gobernar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que quere facer un pequeno reproche ao goberno local xa que pensa que os orzamentos merecen un Pleno de seu, veñen neste que é un pleno de 14 puntos demostrando a pouca importancia que lle dan, xa que este é o traballo máis importante dunha administración local. Todos os grupos e os concelleiros saben que o BNG nunca aproba orzamentos no verán, o teñen dito dende sempre e é a primeira premisa que poñemos cando nos falan para falar sobre orzamentos, isto é algo xa sabido e non o fan por capricho. Ao BNG presentáronlle os orzamentos no mes de xuño, pensan que é importante revisalos con calma para que non ocorra o dito na intervención anterior. O BNG cando gobernou tiña o costume de presentar os orzamentos antes da súa aprobación, incluso ás asociacións veciñais, para que se puidese opinar, e para facer isto non se poden presentar os orzamentos no verán xa que entón non dá tempo. A día de hoxe o 60% dos orzamentos que presentan xa están executados e isto en vez de semellar uns orzamentos semella unha memoria dos gastos realizados. En outubro do 2013 ofrecéuselle a este goberno, co gallo dos orzamentos do 2013, comezar a negociar os orzamentos do 2014, o que foi rexeitado polo goberno local. Sobre as propostas que leva feito o BNG de Fene, xa o ano pasado se presentou en febreiro un plan de emprego e de reactivación económica, que tivo o visto bo de todos os grupos municipais, que consistía basicamente nunha inversión de 500000 euros en 3 anos para o plan de emprego e unha redución ou bonificacións, segundo o que se puidera legalmente, de 100000 euros anuais en distintos tipos de impostos municipais. Por iso, cos orzamentos que ten na man, o goberno local demostra que non quere chegar a acordos cando ven cousas como que o plan de emprego que se presentaba nos orzamentos do 2013, logo de tanto falar, era de 200000 euros e nestes, do exercicio 2014, aparece

C.I.F.: P-1503600-G



unha partida de 22000 euros, por iso pensa que esa declaración de intencións é que non se quere negociar nada nin chegar a ningún tipo de acordo, pois cando se lles presentan estes orzamentos cunha redución dun 90% do que xa tiñan falado no proxecto anterior é claro que non hai ningún interese para chegar a acordos. Está claro que teñen unha visión distinta respecto dos orzamentos, así nos deste ano aumentan case que un millón de euros e por outro lado hai un teito de gasto de cousas que non se poden gastar, polo que se non poden gastar máis para que se quere recadar máis. Hai 2 maneiras de facerlles chegar beneficios fiscais aos veciños, unha é facer bonificacións e descontos ao que teñen que pagar e outra é que unha vez recadados os cartos, devolverllos mediante axudas de emerxencia, de axudas sociais, emprego e demais. Neste caso o que se fai é o contrario, aumentasen os ingresos pero non se fan redución nos impostos o que non ten sentido ningún nunha administración pública, pois non se trata de acumular cartos sen máis. A conclusión é que estes orzamentos suben moito os impostos, uns 300000 ou 400000 euros e se baixan as inversións, os gastos de persoal e se sube o gasto corrente, o que implica que haberá máis contratación a dedo e falla de transparencia, é inherente unha cousa con outra, xa que en vez de que o traballo o fagan os funcionarios ou persoal municipal que o fagan empresas externas. No Capítulo I se diminúen os gastos de persoal respecto dos orzamentos do ano anterior e iso que levan incluídos a previsión de pagarlles a extra pendente e por outro lado o gasto corrente aumenta moito máis. Isto significa que non hai proxecto, non saben que se quere buscar con estes orzamentos, por iso dende o punto de vista do BNG, non pasan de ser un mero trámite, xa que ben se podían sacar adiante con 4 modificacións de crédito. Ante esta perspectiva o seu voto vai ser en contra.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que está de acordo co dito polo concelleiro do PSOE e o voceiro do BNG, pero quere incidir nalgunhas cousas. O primeiro é que está de acordo que o Pleno dos orzamentos debía ser un pleno exclusivo debido á importancia do asunto e evitar as urxencias no tempo do debate. Tamén é importante non só presentar os orzamentos ás entidades senón a todos os veciños, xa que os orzamentos deben ser participativos e os veciños deben saber en que propón o concello gastar os cartos que lles pertencen. Tamén quere facer fincapé no feito de que o ano pasado, cando presentaron os orzamentos a aprobación, compartiu co grupo municipal do BNG a opinión de que se puxesen xa a traballar nos orzamentos deste ano. Esa proposta foi rexeitada daquela, pero xa que precisan de 6 meses en facer un borrador e presentarllo á oposición, aproben estes orzamentos e póñanse xa a traballar no do 2015, para ver se xa en xaneiro poden ter un bo orzamento que aprobar. Estes orzamentos, logo de levar 6 ou 8 meses esperándoos, tiveron que ser revisados partida por partida varias veces ao tempo que lles pedían propostas e ideas, e isto a ela párecelle moi pouco tempo para poder tomar unha decisión. Chámalle a atención a partida de Protección Civil da que se di que se incrementa para dignificar o seu traballo, xa que como non cobran nada, cando menos se lles dote de medios, non obstante pensa que aínda que Protección Civil sexa un voluntariado debería ter unha contrapartida económica xa que a xente inverte o seu tempo e moitas veces pon en risco a súa saúde. Respecto das demandas xudiciais entende que hai herdanzas que teñen que ser asumidas por quen vaia a continuación pero en calquera caso hai cuestións que non se arranxaron e que son susceptibles de ter outra reclamación e daquela, ¿a quen se lle vai votar a culpa?. Respecto aos Servizos Sociais, punto moi importante para o seu grupo, di que si se incrementan os cartos pero non son todos os cartos postos polo concello, como xa se dixo. Para ela estes cartos nunca son dabondo e estase vendo que cada día achéganse ao concello familias que viven ao lado da nosa porta, con problemas de non poder asumir e pagar os recibos, e tamén hai moitas que non veñen, que aínda que non veñan si existen, do mesmo xeito que existen os roubos en San Valentín aínda que non se denuncien e tamén, aínda que non haxa unha relación de nenos que non teñan solicitado axudas de comedor non quere dicir que non exista a necesidade, haberá que saber porque motivos non veñen, pero o problema existe, así Servizos Sociais ten que encargarse disto e non poden nunca derivarlle a Cáritas un problema do concello. Non vai poñer en dúbida a profesionalidade desta organización pero moita xente non recorre a eles porque non reciben un bo trato, e a primeira persoa do que se queixan é do cura, que deixa moito que desexar debido á función que fai. Isto é un fracaso do concello e dos Servizos Sociais xa que nunca xamais se pode derivar a un veciño a Cáritas, ou cando menos non se debe, por iso a partida de 8000 euros é de vergoña e Cáritas debía obter o seu financiamento da igrexa e os veciños teñen que ser atendidos por Servizos Sociais. Pode entender que se faga unha colaboración puntual como cando se fixo a festa dos avós ou que unha entidade poida facer unha colaboración puntual pero non o concello.

Prosegue a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, dicindo respecto do plan de emprego que pasou de 200000 euros a 220000 euros que divididos entre as 5 persoas ás que queren empregar dá un resultado duns 4400 euros brutos, que descontados impostos dan 2500



euros, polo que pregunta cantos meses de traballo se lles vai poder ofertar por eses cartos?. Segundo a reforma laboral que aprobou o seu goberno pode dar para 4 meses pero a pregunta é: ¿que tipo de plan de emprego se quere facer con eses cartos a un plan que se fai chamar Fomento do emprego?. En relación co incremento de emerxencia social parécelle escasísimo dada a situación actual que hai. Hai uns días acusóuselle ao seu partido de ser pouco serios cando se lle dixo que EU ía votar en contra de toda proposta que viñese do PP e que fose boa para Fene, ao que responde que iso non é certo e lembra que cando chegou aquí dixo que todas aquelas cousas que fosen boas para Fene as ía votar a favor, independentemente de quen as presentase, e ese segue a ser o seu criterio. Respecto a sanidade di que quere puntualizar que hai moita xente que ten unha pensión de 400 euros e ten que elixir entre pagar medicacións ou comer, por iso di que para ela os orzamentos non só números, senón que pensa que deben ser números traducidos ás persoas. Por iso pon o caso dun veciño que ten cancro, cobra unha pensión de 400 euros e ten que pagar unha medicación cada 20 días que lle custa 100 euros, polo tanto ten que elixir entre medicarse ou comer, concluíndo que estes orzamentos non teñen ningunha axuda para isto. En educación di que hai xente que solicita á Xunta de Galicia as axudas de libros ou material escolar, incluso para roupa deportiva, pero este ano cambiaron as condicións destas axudas e só poden destinarse a libros de xeito que os cartos sobrantes volverán á Xunta de Galicia. Por todo isto di que quería uns orzamentos sociais e isto non se ve por ningún lado, por iso pídelles ao goberno que aproben os orzamentos e logo da súa aprobación comezan a traballar nos orzamentos do ano que vén, para poderse sentar en decembro, se é o caso, diante duns orzamentos sociais, destinados aos veciños de Fene, que poidan permitir comezar a gastar e invertir a partir de xaneiro.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que dilles aos voceiros do grupo municipal do PSOE e do grupo mixto que por fin coñece a súa postura respecto dos orzamentos, xa que dende que lles entregou a documentación dos orzamentos non tivo ningunha nova deles, nin sequera na Comisión de Facenda. A únicas novas que tivo foi as intervencións do grupo municipal do BNG na Comisión de Facenda as cales, baixo o seu punto de vista, non son posibles incorporar ao orzamento cara a traelas a este Pleno. Di que non hai ningunha falla de seriedade, se toman moi en serio os orzamentos e lamenta que haxa algún erro técnico, que non afecta para nada ao contido do documento, así a intervención do BNG centrouse nos erros técnicos e non no contido que supón que lle preocupa menos. Respecto da execución di que fixo mal os cálculos, xa que o orzamento son case que 11 millóns de euros, non obstante os orzamentos sosteñen moitas cousas, como son o aumento do gasto social ou a paga dos funcionarios e non ese 20% que sinalou e a transcendencia é moito maior do que se quixo facer ver aquí. Non vai entrar en temas que afectan a outras administracións ou no tema dos bancos, todos saben que non deron cartos aos bancos no pasado o que se fixo foi amortizar anticipadamente, o que supuxo un aforro de cartos aos veciños. Tamén falou dos cartos que se van poñer a render e todos saben que son cartos que non se poden tocar nin facer nada con eles, todos son conscientes da capacidade municipal neste asunto e di ao respecto que estase ao máximo das posibilidades do que se pode facer con eles. En relación ao gasto en Servizos Sociais, que cualificouse de ridículo, di que comparado cos anteriores gastos non o son tanto. En relación coa inversión non é certo que haxa menos, a inversión aumenta respecto dos orzamentos anteriores. Respecto do proxecto de emprego di que daría para 5 traballadores que contando con seguridade social, impostos e demais serían 2000 euros por traballador o que non supón ningún tipo de escravismo. En relación coa formación de emprego di que non é ridícula, así dótanse de partida cousas que antes nin sequera existían, como son os obradoiros de emprego que hai 2 contemplados e antes ningún. Di que si hai un proxecto e unha aposta para Fene, que hai proxecto para asentar o concello e invertir no polígono industrial, que hai medidas de emprego e en gasto social polo que discrepa da visión da oposición. En relación coa intervención do voceiro do BNG di que seguramente os orzamentos merecerían un Pleno específico pero aproveitando que hai un pleno ordinario, incluso lle parecería un aumento innecesario do gasto de pagarlles dietas aos concelleiros para vir mañá ou a semana que vén. Sobre o dito de que os orzamentos se traen no verán di que pouca ou ningunha diferenza hai en traelos agora a traelos en marzo ou abril. En relación co plan de emprego dille que non é aquí o lugar de modificalo. Respecto dos impostos di que non se tocou ningún imposto. En relación coa intervención de EU di que en outubro, lamentablemente non hai datos para facer uns orzamentos. Respecto dos orzamentos participativos dille que lle facilitaron os orzamentos e non dixo nada, polo que non sabe que podería cambiar si o fixeran en outubro. En relación coas intervencións respecto Cáritas di que non vai entrar neste asunto e di que o goberno non está orgulloso de ter que aumentar a partida de Servizos Sociais, sinxelamente asumen a situación e tentan darlle resposta. Respecto dos gastos médicos aludidos di que para iso está a partida de emerxencia social sen ter que incluír novas partidas.

C.I.F.: P-1503600-G



Neste momento abandona a sesión a concelleira do grupo municipal do PSOE, María Carmen Silvar Canosa cando son as 20.29 h.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que quere matizar algunha cousa como que é a primeira vez que escoita propostas do seu grupo aos orzamentos e que so escoitou críticas aos orzamentos ao que di que trátase dunha chapuza contable que contén erros de 200000 euros en gastos imputados ou gastos de persoal no Capítulo II, son erros de parvulario. Lémbrralle que o pasado martes á saída da Xunta de Voceiros tomou café con el onde avanzoulle, dun xeito amable, que dificilmente podía contar co seu grupo para apoiar isto porque non entendían as políticas de Servizos Sociais, ou mellor dito a súa ausencia, porque nestes momentos que se están a vivir hai que preparar a Administración para a sociedade que vén, que xa non vai ser a mesma sociedade que había e que non se avanzou nada, así non pode dicir que o PSOE non lle transmitiu cuestións, faláronlle dos mozos que teñen dificultade para acceder aos libros de texto e material escolar, daqueles que teñen que pensar en deixar os estudos universitarios por falla de recursos e non sabe se é que non quere escoitar, porque cando lle falan disto estalle dicindo que hai que invertir en políticas para arranxar estes problemas. Tamén lle faláron de xente de Fene que ten problemas de alimentación e que non é cuestión de darlle comida senón que é cuestión de axudalos en condicións de dignidade, para o que hai determinados mecanismos polo que apostan neste orzamento co que non se consegue, por moito traballo que fagan algunhas entidades, porque son moitas veces o único que queda, pero iso é responsabilidade da Administración. O PSOE tamén faloulle de ser máis serios cando se traballa cos orzamentos, que non foi serio facerlles revisar 3 proxectos de orzamentos no prazo dun mes. Non lle gusta que lle presenten as cousas mal feitas sobre todo de algo que é o máis importante que se debate neste Pleno. En relación cos investimentos dille ao concelleiro de Facenda que o primeiro que dixo é que se aumentou a inversión de 200000 a 700000 euros, pero esta cantidade é a metade do que invertían os socialistas cando gobernaban que ascendeu a 1,5 millóns de euros, dato do ano 2010. Tampouco pode dicir que os obradoiros de emprego son cousas novas, os socialistas xestionaron obradoiros de emprego e antes os nacionalistas tamén o fixeron, e o que non fixeron foi repartir os obradoiros entre 2, 3 ou 4 concellos, iso si que non se facía antes, pois antes todas as prazas eran para veciños de Fene e se facían no Concello con prazas que podían ter inserción laboral, agora por contra, os obradoiros se fan entre 3 ou 4 concellos e decídese na Deputación da Coruña en que área se vai formar a xente. Por iso dille que hai cousas que non se poden dicir porque feren a sensibilidade de calqueira. En canto ao que dixo de que non se regalou nada aos bancos dille que non é así, que se cadra non son conscientes que cando se depositan os cartos dos veciños nos bancos para que poidan xogar con eles investindo aquí e alá e que poidan gañar cartos a cambio dun interese moi pequenos, cando menos é regalarlles liquidez. Sobre isto tamén dixo que todos sabían que non se podía facer outra cousa ao que lle contesta que o goberno que aprobou que eses cartos non se podían gastar foi o goberno de Mariano Rajoy, que é do PP e o PP de Fene mantén ao PP do Estado que é quen acorda cousas como estas, por iso non poden dicir que son inocentes do que fan os compañeiros que apoian, son responsables tanto por acción como por omisión, non obstante isto de non poder gastar os cartos non pasa en todos os concellos.

Prosegue a dicir o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que se o grupo de goberno quere contar co seu teñen que ter un proxecto de orzamento e dilles que teñen un proxecto de rebacheos e de cambio das luces dos farois, non teñen ideas nin ningún tipo de ilusión de facer un concello novo con servizos adaptados á sociedade que vén, que non ten nada que ver coa sociedade do ano 2008. Ten que haber novas políticas, novas xestións, estruturar de xeito diferente a administración local para que sexa eficaz e eficiente nos resultados e dean coas solucións que demanda a veciñanza e non pretender ser meros xestores ou ser unha brigada de mantemento. Os veciños de Fene teñen dereito a aspirar a moito máis.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que quere rogar que non se faga demagogia cos orzamentos ou as cousas que se fan en política. Non se pode comparar o que hoxe se dedica a Servizos Sociais, xa que hoxe se dedica máis que hai 7 anos pero hai 7 anos había uns 490 parados en Fene e hoxe hai 1500, e quen di parados di xente con necesidade, polo que haberá que multiplicar, cando menos, por 3 ese orzamento, por iso a comparación non ten sentido. Dille ao concelleiro de Facenda que os 72 euros que teñen que cobrar os concelleiros por un pleno extraordinario ante a súa petición, pensa que practicamente todos os concelleiros renunciarían a eles. Cando o BNG pediu un pleno extraordinario para apoiar a folga xeral que houbo na comarca de Ferrol, o BNG renunciou a cobrar o pleno, cousa que non fixo vostede, así se o BNG ten que volver renunciar a cobrar un pleno o fará. En relación co plan de emprego di que



son 30000 euros, 22000 de salarios e 8000 de seguridade social, non obstante, no 2013 eran 200000 de salarios, sobre uns orzamentos presentados en outubro, é dicir, vostede tiña pensado gastar en 3 meses, 200000 euros mentres que agora en 6 meses pensaba gastar 22000 euros. Sobre a reactivación económica dille que o plan fiscal que lle propuxo o BNG era a de reformular taxas e impostos na liña de avanzar nas bonificacións ou exencións ás persoas con menos recursos, cando menos, en todos os servizos esenciais de auga, saneamento, recollida de lixo e demais; crear bonificacións para pemes e autónomos nas taxas e impostos que sexan viables nun período de 3 anos; revisar o imposto de transmisións facendo exencións ás rendas máis baixas; reducir o ICIO durante 3 anos; posibilitar o fraccionamento de taxas e impostos; revisar os padróns de contribuíntes; revisión do conxunto da fiscalidade do IBI e o IAE de Navantia e as súas instalacións. Todo isto o propuxeron no seu momento e lémbrollle ao Concelleiro de facenda que el mesmo presentou alternativas ás súas propostas con novas bonificacións de impostos ao que logo eles pedíronlle que se valorasen, aínda que logo non se fixera. O que quere dicir é que o ano pasado isto falouse e negociouse e aínda que o BNG non aprobou os orzamentos isto ben puido saír adiante e puideron telo feito, que as ordenanzas hai que cambialas e iso é o que o seu grupo propuxo dende un primeiro momento, reformular as taxas e os impostos porque hoxe non hai a mesma situación que hai 10 anos. Todo isto pensa que se pode facer o que pasa é que dá traballo, así dende que presentaron a súa proposta en febreiro de 2013 ata hoxe pasou moito tempo e non se modificou ningunha, incluso cando o seu goberno presentou algunha contraoferta ao proposto polo BNG, é dicir, fixeron un traballo e o esqueceron, non seguiron traballando niso e esa será a súa herdanza para quen veña dentro dun ano porque as ordenanzas están como cando as fixo o BNG no ano 2000.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, que dille ao concelleiro de Facenda que cando falou de orzamentos participativos non se refire a que non lle tivera facilitado o proxecto, refírese aos veciños e as entidades. Dixo que as únicas propostas que lle chegaron foron as do BNG pero que non as recolleu porque non foi posible e aínda que é certo que non lle presentou ningunha proposta preguntalle, se lla tiveran feita ¿farían algo?. Contesta que non, porque pediríanlle o mesmo que lle pediu o BNG, que invertesen outros 300000 euros máis en Servizos Sociais e que quitasen os 8000 euros destinados a Cáritas e iso non o ían facer. Non obstante poderalle facer propostas ao orzamento a 31 de decembro e non hoxe cando leva máis do orzamento gastado, xa que o que lle vai pedir non o vai poder dar. Entende que non están a presentar unha proposta de orzamento senón que é un estado de execución, no que pretende que aprobemos en que vai gastar o que queda e os orzamentos non son isto. Espera que non pense que os que están aquí están enchendo os petos de cartos, moitas veces nos teñen chamado para meter asuntos por urxencia e non ter que facer un pleno extraordinario e sempre contestan que si polo que o comentario de non levar os orzamentos a un pleno extraordinario por non pagalo está fóra de lugar e parécelle unha falla de respecto, algo patético e rastrero.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que pensa que as posturas dos grupos están claramente definidas, pero antes de pasar á votación di que dende Servizos Sociais sempre se derivou xente a Cáritas para axuda alimentaria inmediata, para aquelas persoas ás que non lles dá tempo a tramitar o expediente.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 9 votos en contra (4 do grupo municipal socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), e 6 votos a favor do grupo municipal do PP.

9. Aprobación, se procede, do expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 8, reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 30.06.2014:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO

O Concello de Fene ten actualmente en vigor, entre outras, a Ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar, publicada no B.O.P. do día 16 de setembro de 2013.



O 24 de setembro de 2013 publicouse no D.O.G. núm. 182 o Decreto 149/2013 de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Este novo Decreto 149/2013 modifica na súa Disposición derradeira primeira o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, afectando as modificacións á forma do cálculo das capacidades económicas das persoas dependentes e ao copagamento polo Servizo de Axuda no Fogar.

Asemade, a Disposición derradeira cuarta do Decreto 149/2013 recolle literalmente: "As corporacións locais disporán dun prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste decreto, para a adaptación das súas ordenanzas ao disposto na presente norma".

En base a estos cambios normativos, propónse a modificación do artigo 5º da Ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar para incorporar a nova táboa de copagamento establecida no Decreto 149/2013, limitar o importe da aportación económica das persoas dependentes e facer referencia aos artigos do Decreto 149/2013 que se han de ter en conta para determinar a capacidade económica das persoas dependentes.

Tendo en conta o anterior, a normativa de tributos locais, facendo uso da posibilidade contida no artigo 111 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, visto o informe da traballadora social XXXX do 10.03.14 e visto o informe favorable do interventor en réxime de acumulación do 18.03.2014, PROPONSE Ó PLENO, previo ditame da Comisión Informativa de facenda, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar nos termos que a continuación se recollen,

"ARTIGO 5º.-

A) Para o caso da prestación do servizo de libre concorrencia:

A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible total as seguintes porcentaxes:

Capacidade económica	Porcentaxe
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	20%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	35%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	55%
Maior de 2,5	75%

B) Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamentos en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %

115 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175 %	5,65 %	12 %	18,35 %
200 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

A determinación da capacidade económica á que fan referencia as tarifas anteriores será a que resulte da aplicación dos artigos 59 (modificado polo Decreto 149/2013, de 5 de setembro) e 60 do Decreto 99/2012, de 9 de marzo e dos artigos 16, 17 e 18 do Decreto 149/2013, de 5 de setembro.

4. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora."

SEGUNDO.- As modificacións aprobadas provisionalmente entrarán en vigor unha vez publicado no boletín oficial da provincia o acordo definitivo, no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto das modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Fene, 24 de xuño de 2014
O concelleiro
Juan José Franco Casal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase dunha modificación técnica para adaptar a ordenanza núm. 8 ao Decreto da Xunta de Galicia 149/2013.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non son cuestións meramente técnicas cando teñen efectos económicos para os usuarios. Xa nas anteriores correccións que viñeron facendo provocaron a suba dos custes dos servizos a un número importantísimos de usuarios e aquí novamente elimínanse grados, co cal a proposta que se fai é fixar a taxa na media entre un nivel e outro co que prexudica a unha boa parte de usuarios. Non comparten este tipo de criterios e entende que a relación é importante respecto dos pagamentos en función do nivel de uso do servizo e do nivel de renda, polo que non é certo que menos tramos produzan maior eficacia ou eficiencia, senón que producen un efecto perverso sobre os usuarios do servizo. Por todo isto non poden ser cómplices dun cambio imposto por unha ideoloxía contraria á do PSOE.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que aínda que é unha cuestión técnica que hai que facer para adaptarse aos cambios da lexislación e aínda que o BNG non está de acordo nas subas reiteradas que neste servizo están obrigados a facer esta modificación. Por iso vanse abster porque non ven conveniente que se siga con incremento encuberto dos prezos do servizo. Por iso vanse abster. Non obstante, lémbrralle ao concelleiro de Facenda, que entre as cousas que levan tempo pedindo, algo que depende de nós e que se pode facer en calquera pleno, é respecto da ordenanza de lixo que establece que non se pode

estar en posesión dun vehículo para poder optar a unha exención, esta medida era propia de hai 20 ou 25 anos, pero hoxe en día o ter coche non debe ser motivo para non poder optar a unha exención.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o dito polo concelleiro do PSOE no senso de que veña imposto algo que repercute negativamente nos veciños parécelle indignante. Por iso vai votar en contra.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 5 votos en contra (4 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto) e 4 abstencións grupo municipal do BNG.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar nos termos que a continuación se recollen,

“ARTIGO 5º.-

A) Para o caso da prestación do servizo de libre concorrencia:

A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible total as seguintes porcentaxes:

Capacidade económica	Porcentaxe
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	20%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	35%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	55%
Maior de 2,5	75%

B) Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamentos en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
Ata			
100 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175 %	5,65 %	12 %	18,35 %
200 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %

250 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

A determinación da capacidade económica á que fan referencia as tarifas anteriores será a que resulte da aplicación dos artigos 59 (modificado polo Decreto 149/2013, de 5 de setembro) e 60 do Decreto 99/2012, de 9 de marzo e dos artigos 16, 17 e 18 do Decreto 149/2013, de 5 de setembro.

4. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora."

SEGUNDO. As modificacións aprobadas provisionalmente entrarán en vigor unha vez publicado no boletín oficial da provincia o acordo definitivo, no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto das modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

10. Aprobación, se procede, do expediente de delegación na Deputación Provincial da Coruña de competencias en materia de xestión catastral

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 30.06.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL

Mediante resolución de alcaldía núm. 1315/2013 adxudicouse o contrato menor de servizos de "Xestión Catastral" co obxecto de dar cumprimento ó convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Fene de colaboración en materia de xestión catastral (BOE núm. 268 de 08.11.2007).

Na dita adxudicación contemplouse como causas de resolución do contrato, a duración máxima dun ano, a extinción do Convenio realizado coa Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos (Dirección Xeral do Catastro) ou a asunción do obxecto do contrato pola Deputación provincial da Coruña.

A cláusula décimocuarta do Convenio de 24.03.2003, asinado entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección General del Catastro) e a Deputación Provincial da Coruña, de colaboración en materia de xestión catastral, di "Los Ayuntamientos que tengan delegada la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles a favor de la Diputación Provincial podrán facultar en cualquier momento al ente provincial para la formalización del convenio de colaboración en materia de gestión catastral con la Administración General del Estado. Dicha circunstancia será puesta en conocimiento de la Gerencia y, transcurrido un mes desde su notificación, se entenderá que el municipio se encuentra incluido en el ámbito de aplicación del presente Convenio"



A base terceira apartado segundo das bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia da Deputación provincial da Coruña establece como delegable na Deputación provincial a seguinte "La facultad, de acuerdo con lo previsto en el artículo 78 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, para establecer acuerdos o convenios con la Administración Tributaria del Estado en materia de colaboración e inspección en relación con el Impuesto sobre Bienes Inmuebles".

O 23.05.2014 emiten informe conxunto a interventora accidental e a tesoureira na que poñen de manifesto que a providencia de alcaldía se axusta ó disposto no artigo 7 do RDL 2/2004 e que a aprobación do expediente require do acordo plenario por maioría absoluta.

De acordo co anterior, en uso das atribucións conferidas pola normativa legal vixente, esta alcaldía PROPÓN ó pleno municipal, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña a facultade para establecer acordos e convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre Bens Inmóbeis, de acordo co previsto na Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei Reguladora do Catastro e as súas respectivas normas de desenvolvemento.

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, aprobadas ao efecto pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación, para xeral coñecemento e presentación de alegacións, que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo se entenderá automaticamente elevado a definitivo.

TERCEIRO.-Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.

Fene, 19 de xuño de 2014
O alcalde"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que se lles presentou esta proposta cun custe cero pero discrepa do xeito de contabilizar, xa que en Fene houbo unha empresa que cobraba por estes traballos unha porcentaxe moi alta sobre a carta de pagamento como xestión da tramitación e a Deputación vai cobrar un 5%, igual que fai co resto das delegacións e polo tanto vai cobrar e non terá custe cero aínda que haxa unha redución importantísima. Respecto do servizo di que no apartado 7.3 das bases fálase da liquidación anual e faise referencia, entre outras cousas, ás taxas por prestación do servizo obxecto destas bases, polo que quere saber cales son estas taxas, a que corresponden e que importe serán. Tamén xorden outras dúbidas respecto do servizo que estaba prestando a empresa ata que a cambiaron, traballo do que saben pouco por falla de información, e que estaba deseñado como servizo proactivo no que o xestor buscaba activamente as altas de Fene. Agora este principio, aínda que nas bases mantense nalgún dos puntos, na práctica rómpese, xa que Deputación non traballa sobre o terreo. En calquera caso, para o seu grupo, isto sería un tema menor nestes tempos, xa que as altas que se están dando neste contexto de crise, non teñen moita importancia, e se é o caso, no seu día supón que poderase negociar coa Deputación. Outro tema que lles preocupa é a atención aos veciños, xa que logo de consultar coa Deputación a resposta é que a atención farase nas oficinas que a Deputación ten repartidas pola provincia e que non hai en Fene, o que provocará unha maior molestia para a veciñanza porque xa non sería achegarse ao Concello. Non obstante, menos estas dúbidas o aforro de custes segue a ser importantísimo e, nun principio, ven a idea favorablemente, aínda que lle gustaría que se lle esclarecesen estas cousas agora ou ben que se deixe o asunto sobre a mesa ata o mes que vén, para tratar de darlle unha alternativa á atención no Concello, para que cando menos unha vez á semana ou cada 15 días veña un funcionario da Deputación aquí e, deste xeito, segan a ter unha calidade do servizo case que idéntica e a un custe moito máis baixo do que hai agora.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que na Comisión preguntouse reiteradamente cal era o custe real do servizo ao que se dixo que non tiña ningún custe, sen embargo, agora o convenio deixa entrever que si se vai cobrar por esta xestión



unha taxa que non saben cal é. Por iso queren que se esclareza esa dúbida e por outro lado, o convenio tampouco di como vai ser a atención aos veciños no Concello. Ata o de agora a empresa contratada vén un día á semana ao Concello e quere saber como quedaría logo, porque sabe que no pasado a Deputación tivo unha persoa que tamén veu ao Concello unha vez por semana para resolver cuestións catastrais. Se hoxe poden quedar garantidas estas dúas dúbidas perfecto, senón están de acordo no formulado polo grupo municipal do PSOE de deixar o asunto sobre a mesa ata o seguinte pleno.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten as mesmas dúbidas, xa que se dixo que isto ía ter un custe cero pero lendo a letra pequena vese que efectivamente ten un custe. Tamén quixeran saber algo que é fundamental, que a atención aos veciños vaia ser boa, porque ao mellor este é un asunto no que hai que primar o servizo aos veciños ante o custe económico. Gustaríalle saber estas dúas cuestións antes de aprobalo ou ben deixar o asunto sobre a mesa, falalo, e traelo ao pleno do mes que vén.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que o funcionamento sería o mesmo que hai ata o de agora, que consultouse coa Deputación que dixo que incluso coa presenza dunha persoa aquí no concello, co cal respectaríanse as condicións que hai agora mesmo, coa redución da partida que se lle paga á empresa.

O alcalde intervén para dicir que o servizo da Deputación está subcontratado.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non dubida da información que lle ofrece o concelleiro de Facenda pero el chamou á Deputación e falou co viceinterventor que lle dixo que o servizo o prestaban onde hai a delegación. Respecto do convenio ve cousas que poden empeorar o servizo aos veciños, que non é que o PSOE estea en contra da delegación senón que aínda que supoña un custe dun 5%, igual que o resto dos tributos que xestiona a Deputación, queda a dúbida do que vai supor a taxa e estaría ben esclarecer isto. Por outro lado non está nada claro o servizo que se lle vai dar aos veciños polo que roga que quede sobre a mesa e se trate de conseguir ter o servizo en Fene cada semana, ou cando menos cada 15 días. Hai que tentar garantir que no acordo que adopten iso estea incluído no texto.

A proposta da alcaldía decídese, por unanimidade dos concelleiros presentes, retirar o asunto da orde do día aos efectos dun mellor estudo.

11. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta da alcaldía relativa á determinación do cambio do horario da sesión ordinaria do Pleno do mes de agosto de 2014

Por unanimidade dos concelleiros presentes, queda incluída na orde do día aprobación, se procede, da proposta da alcaldía relativa á determinación do cambio do horario da sesión ordinaria do Pleno do mes de agosto de 2014.

Consta no expediente a proposta da alcaldía do 26.06.2014, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: determinación do cambio de horario da sesión ordinaria do Pleno do mes de agosto de 2014

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

O día 4 de xullo de 2011 tivo lugar a sesión organizativa da Corporación municipal do Concello de Fene para a lexislatura 2011 – 2015, na que se estableceu:

“As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.”



Polo tanto, corresponde realizar sesión ordinaria do Pleno de agosto o vindeiro día 7 de agosto 2014 ás 18.00 h. Non obstante, por se tratar dun período estival, os distintos voceiros dos grupos municipais acordaron propoñer cambiar o horario de dita sesión que pasaría a ser ás 8.30 h.

O artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) establecen que o Pleno da Corporación realizará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses e o artigo 24 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (BOP da Coruña núm. 156 do 08.07.2008) establece que o Pleno realizará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación e que, na sesión extraordinaria que se convocará dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do alcalde/sa, o Pleno acordará o día e a hora na que se realizarán as sesións ordinarias en primeira convocatoria, e dous días despois á mesma hora, en segunda.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propóño-lle ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

1. Que a vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello de Fene, correspondente ao mes de agosto de 2014, se realice o vindeiro 07.08.2014 ás 8.30 h.

Fene, 26 de xuño de 2014
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o alcalde que di que aínda que a proposta é cambiar o horario do Pleno semella que hai consenso en cambiar a realización do Pleno para o venres 01.08.2014 ás 8.00 h. co cal quedaría resolver o tema das Comisións, xa que habería que deixar o tempo suficiente para proceder a facer a convocatoria, polo que ben se poderían acumular no luns 28.07.2014 ou no martes 29.07.2014.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que se pode acordar a anticipación das Comisións e deixarlle ao alcalde a convocatoria cando estime convinte.

De seguido o alcalde di que se poden cancelar as Comisións ordinarias e facer sesións extraordinarias e urxentes, se é o caso.

Sometido o asunto emendado a votación é aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Que a vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello de Fene, correspondente ao mes de agosto de 2014, se realice o vindeiro 01.08.2014 ás 8.00 h.

2. Que se cancelen as comisións informativas ordinarias previas á realización da sesión plenaria de agosto.

12. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da aprobación do Convenio de colaboración en materia de formación entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Fene

Por unanimidade dos concelleiros presentes, queda incluída na orde do día aprobación, se procede, da proposta da alcaldía relativa á determinación do cambio do horario da sesión ordinaria do Pleno do mes de agosto de 2014.

Consta no expediente a proposta da alcaldía do 24.06.2014, que copiada di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA



Mediante escrito de 12.02.2014 (registro de saída núm. 519 de 14.02.2014) esta alcaldía manifesta á Academia Galega de Seguridade Pública o seu interés na formación específica a funcionarios do Concello de Fene en materia de contaminación acústica e manexo de sonómetro e consecuentemente a intención de formalizar un convenio en materia de formación.

O 16.05.2014, con registro de entrada núm. 4523, a concelleira Rocío A. Bértoa Puente presenta o convenio tipo de colaboración en materia de formación entre a Academia Galega de Seguridade Pública e os concellos.

Logo de ver os informe da secretaría do 23.06.2014 e o informe da intervención do 24.06.2014.

En uso das atribucións conferidas pola normativa legal vixente, esta alcaldía PROPÓN ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración en materia de formación entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Fene", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE FENE

A Estrada, _____ de 2014

R E U N I D O S

DUNHA PARTE, D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Gumersindo Pedro Galego Feal alcalde-presidente do Concello de Fene, actuando en virtude das súas facultades, no establecido na Lei 7/1985, e o Regulamento Orgánico deste Excmo. Concello.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración,

E X P O Ñ E N:

I.- Conforme á Lei 1/2007, da Academia Galega de Seguridade, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos de policía local, servizos municipais de protección civil e xestión de emerxencias, e servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, segundo o artigo 4 da devandita lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institucións de Galicia.

II.- Que conforme aos artigos 137 e 141 da C.E., a Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación estatal e autonómica, o Concello de Fene é unha entidade local territorial, que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que o artigo 57 da Lei de Bases de Réxime Local contempla o Convenio como un dos instrumentos de carácter consensual, a través dos cales pode ter lugar a cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calquera das restantes administracións territoriais.

III.- Que en aras dos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir toda actuación administrativa, ambas partes detectan a necesidade de cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento do persoal da seguridade pública e das emerxencias dese concello, porque brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.



Que advertidos e convencidos do interese público e común desía colaboración, acordan formalizalo xuridicamente no presente convenio e co contido que se deriva das seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acordar un marco de colaboración entre a AGASP e o Concello de Fene, para a formación continua do persoal da seguridade pública e das emerxencias do Concello de Fene

Esta formación levarase a cabo mediante cursos e demais accións formativas sobre temas que sexan de interese profesional e que supoñan unha mellora da súa cualificación e eficacia no servizo, a través do mantemento ou potenciación da súa capacitación, así como mediante a participación en actividades de difusión das funcións, medios e procedementos.

SEGUNDA: Cooperación e asistencia

En base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia no ámbito do sector público a AGASP facilitaralle ao Concello Fene os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de xestión de emerxencias e seguridade pública que sexan competencia deste organismo. En correspondencia o Concello Fene facilitaralle a información que poda ser de utilidade para a investigación, estudo e divulgación de contidos técnicos nos ámbitos da seguridade, protección civil e emerxencias

TERCEIRA: Organización das actividades formativas.

A organización dos cursos, xornadas e das accións formativas en xeral, deberá axustarse ás pautas seguintes:

1. O deseño, estrutura, obxectivos e as datas de cada curso serán consensuados por ambas as dúas partes, podendo ser propostos por calquera delas indistintamente.
2. A AGASP comprométese a elaborar os programas, documentación e material para o alumnado.
3. As solicitudes de participación que remita o alumnado dirixiranse ao Concello de Fene que será o último responsable da selección de admitidos ás actividades formativas.
4. Os criterios de selección serán os que estableza o Concello de Fene para cada convocatoria.
5. Feita a selección, confeccionarase unha listaxe de admitidos/as á que se lle dará a publicidade habitual para que cada solicitante saiba que está admitido/a e poida comunicar a imposibilidade de asistencia ao curso, se así fose.
6. Comunicarase a lista de admitidos/as a AGASP, coa antelación suficiente para poder proceder a realización dos trámites de xestión oportunos.

CUARTA: Profesorado, aulas e locais.

De forma conxunta decidiranse a selección e contratación dos profesores.

As clases impartiranse nas aulas ou instalacións do Concello de Fene, que presenten idoneidade, capacidade e medios técnicos bastantes, ou noutras instalacións que decidan ambas partes.

QUINTA: Seguimento, coordinación e control do desenvolvemento dos cursos.

O Concello de Fene, a través do seu persoal, ou polo que se determine en cada caso pola Comisión de seguimento, asume o control dos cursos, xornadas ou calquera acción formativa derivada deste marco de colaboración, especialmente en canto á asistencia dos alumnos ás clases, o funcionamento e emprego de medios técnicos e a atención aos docentes.



Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso figurarán ambas institucións, e estarán asinados polo alcalde do Concello de Fene e polo director xeral da AGASP. O deseño dos mesmos será determinado conxuntamente.

As certificacións que poidan requirir os docentes ou alumnos sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderán ser expedidas por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.

SEXTA: Financiamento e xestión económica dos cursos ou xornadas.

O financiamento das actividades formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio axustarase ás seguintes regras:

- 1.- O Concello de Fene sufragará o pago de docentes, horas lectivas, axudas de custo, coordinación e outros gastos de cada curso ou acción formativa, con cargo á aplicación orzamentaria 132.16200.
- 2.- Este convenio non supón custe económico para á AGASP.

OITAVA: Requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario.

Ambos aspectos se regularán pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa, que se especificarán en cada convocatoria.

NOVENA: Comisión de seguimento.

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

Son funcións desta comisión de seguimento as atribuídas no artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DÉCIMA: Vixencia do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o día 31 de decembro de 2014, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas.

UNDÉCIMA: Resolución e revogación do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación.
- O incumprimento das cláusulas do mesmo.
- O mutuo acordo das partes.

DUODÉCIMA: Modificacións.

As modificacións formalizaranse mediante *Addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio se esixen.

DÉCIMO TERCEIRA: Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo; adicionalmente pola lexislación de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo; e en defecto deste último polas normas de dereito privado.



As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Xunta de Goberno Local do Concello de Fene no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

POLA ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA
Santiago Villanueva Álvarez

POLO CONCELLO DE FENE
Gumersindo Pedro Galego Feal"

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Fene, 24 de xuño de 2014
O alcalde"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entenden que este asunto entra máis, no fondo, nas competencias do goberno que do Pleno e por iso facilitarán que se aprobe coa súa abstención.

Neste momento abandona a sesión o concelleiro Iván Puentes Rivera, cando son as 21.13 h.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que quere saber se hai demanda para asinar este convenio e se vai afectar a todos os membros da policía.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que pregunta ¿que custo terá para o Concello?.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que este convenio, segundo se dixo na Comisión de Urbanismo, vén motivado por unha serie de denuncias de ruidos, polo que procede formar á Policía Local nesta materia e no uso do sonómetro. Logo de poñerse en contacto coa Academia díxéronlle que o mellor xeito para poder facer cursos sería a través dun convenio tipo. Este curso sería para todos os policías, incluso para os técnicos municipais, pero homologado pola Academia de Seguridade. En principio o convenio sería para isto, pero non se descarta que logo se poidan facer outros cursos máis. En canto aos custes, a sinatura do convenio non ten custes, logo habería que concretar dependendo dos cursos que se fagan, é dicir, logo aínda habería que adherirse ao curso, que ben pode ser subvencionable ou realizable xunto a outros concellos.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 8 abstencións (3 do grupo municipal socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración en materia de formación entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Fene", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE FENE

A Estrada, _____ de 2014



R E U N I D O S

DUNHA PARTE, D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Gumersindo Pedro Galego Feal alcalde-presidente do Concello de Fene, actuando en virtude das súas facultades, no establecido na Lei 7/1985, e o Regulamento Orgánico deste Excmo. Concello.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración,

E X P O Ñ E N:

I.- Conforme á Lei 1/2007, da Academia Galega de Seguridade, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos de policía local, servizos municipais de protección civil e xestión de emerxencias, e servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, segundo o artigo 4 da devandita lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institucións de Galicia.

II.- Que conforme aos artigos 137 e 141 da C.E., a Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación estatal e autonómica, o Concello de Fene é unha entidade local territorial, que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que o artigo 57 da Lei de Bases de Réxime Local contempla o Convenio como un dos instrumentos de carácter consensual, a través dos cales pode ter lugar a cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calquera das restantes administracións territoriais.

III.- Que en aras dos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir toda actuación administrativa, ambas partes detectan a necesidade de cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento do persoal da seguridade pública e das emerxencias dese concello, porque brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.

Que advertidos e convencidos do interese público e común desa colaboración, acordan formalizalo xuridicamente no presente convenio e co contido que se deriva das seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acordar un marco de colaboración entre a AGASP e o Concello de Fene, para a formación continua do persoal da seguridade pública e das emerxencias do Concello de Fene

Esta formación levarase a cabo mediante cursos e demais accións formativas sobre temas que sexan de interese profesional e que supoñan unha mellora da súa cualificación e eficacia no servizo, a través do mantemento ou potenciación da súa capacitación, así como mediante a participación en actividades de difusión das funcións, medios e procedementos.

SEGUNDA: Cooperación e asistencia



En base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia no ámbito do sector público a AGASP facilitaralle ao Concello Fene os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de xestión de emerxencias e seguridade pública que sexan competencia deste organismo. En correspondencia o Concello Fene facilitaralle a información que poda ser de utilidade para a investigación, estudo e divulgación de contidos técnicas nos ámbitos da seguridade, protección civil e emerxencias

TERCEIRA: Organización das actividades formativas.

A organización dos cursos, xornadas e das accións formativas en xeral, deberá axustarse ás pautas seguintes:

1. O deseño, estrutura, obxectivos e as datas de cada curso serán consensuados por ambas as dúas partes, podendo ser propostos por calquera delas indistintamente.
2. A AGASP comprométese a elaborar os programas, documentación e material para o alumnado.
3. As solicitudes de participación que remita o alumnado dirixiranse ao Concello de Fene que será o último responsable da selección de admitidos ás actividades formativas.
4. Os criterios de selección serán os que estableza o Concello de Fene para cada convocatoria.
5. Feita a selección, confeccionarase unha listaxe de admitidos/as á que se lle dará a publicidade habitual para que cada solicitante saiba que está admitido/a e poida comunicar a imposibilidade de asistencia ao curso, se así fose.
6. Comunicarase a lista de admitidos/as a AGASP, coa antelación suficiente para poder proceder a realización dos trámites de xestión oportunos.

CUARTA: Profesorado, aulas e locais.

De forma conxunta decidiranse a selección e contratación dos profesores.

As clases impartiranse nas aulas ou instalacións do Concello de Fene, que presenten idoneidade, capacidade e medios técnicos bastantes, ou noutras instalacións que decidan ambas partes.

QUINTA: Seguimento, coordinación e control do desenvolvemento dos cursos.

O Concello de Fene, a través do seu persoal, ou polo que se determine en cada caso pola Comisión de seguimento, asume o control dos cursos, xornadas ou calquera acción formativa derivada deste marco de colaboración, especialmente en canto á asistencia dos alumnos ás clases, o funcionamento e emprego de medios técnicos e a atención aos docentes.

Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso figurarán ambas institucións, e estarán asinados polo alcalde do Concello de Fene e polo director xeral da AGASP. O deseño dos mesmos será determinado conxuntamente.

As certificacións que poidan requirir os docentes ou alumnos sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderán ser expedidas por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.

SEXTA: Financiamento e xestión económica dos cursos ou xornadas.

O financiamento das actividades formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio axustarase ás seguintes regras:

- 1.- O Concello de Fene sufragará o pago de docentes, horas lectivas, axudas de custo,



coordinación e outros gastos de cada curso ou acción formativa, con cargo á aplicación orzamentaria 132.16200.

2.- Este convenio non supón custe económico para á AGASP.

OITAVA: Requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario.

Ambos aspectos se regularán pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa, que se especificarán en cada convocatoria.

NOVENA: Comisión de seguimento.

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

Son funcións desta comisión de seguimento as atribuídas no artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DÉCIMA: Vixencia do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o día 31 de decembro de 2014, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas.

UNDÉCIMA: Resolución e revogación do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación.
- O incumprimento das cláusulas do mesmo.
- O mutuo acordo das partes.

DUODÉCIMA: Modificacións.

As modificacións formalizaranse mediante *Addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio se esixen.

DÉCIMO TERCEIRA: Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo; adicionalmente pola lexislación de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo; e en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Xunta de Goberno Local do Concello de Fene no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

POLA ACADEMIA GALEGA

POLO CONCELLO DE FENE



DE SEGURIDADE PÚBLICA
Santiago Villanueva Álvarez

Gumersindo Pedro Galego Feal"

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

13. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

14. Rogos e preguntas

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Aínda que se acordou trasladar os rogos e preguntas ao Pleno de agosto, quere deixar constancia dunha pregunta para que ao goberno lle dea tempo a preparar a resposta para o seguinte Pleno. Así di que no seu momento pediron un informe dos parques infantís para saber se cumprían coa normativa e dita pregunta tamén incluía pedir a certificacións dos 6 parques infantís contratados recentemente. Na Comisión Informativa se lles dixo que se ía encargar este traballo a un técnico municipal que realizase un informe de cada un dos parques e que se lle achegaría. Por iso quere reiterar a segunda parte da pregunta no senso de que o o contrato da empresa que arranxou nos últimos 6 meses os 6 parques infantís incluía a certificación por unha empresa homologada dos devanditos parques, polo que solicitan que se lle acheguen copia dos certificados.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Cal é a situación actual da bolsa de emprego para a contratación de todos os anos?. Roga que se axilice para que non ocorra o do ano pasado que só estivo 15 días en funcionamento. Contesta o concelleiro de Persoal, Alejandro Dopico Rodríguez, dicindo que xa rematou o proceso selectivo e faltan uns requirimentos que, así se cumpran, procederan á contratación.

- ¿Sábese a que correspondeu o vertido que houbo na baixada dende o polígono a Limodre pola Hortiña?.

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, dicindo que se mandou á Policía Local facer e a Aquagest ata a zona e tratábase dun vertido de augas pluviais.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Falou cuns veciños de Sillobre, de preto do campo de fútbol, no Revolto, no que semella que se concedeu permiso para a reforma dunha vivenda e para facela foi unha pala anhear o camiño de xeito que se colleu terreo doutros veciños sen contar co correspondente permiso daqueles. Dixéronlle que hai 2 ou 3 fincas afectadas e que unha veciña falou cun obreiro que lle dixo que as obras de arranxo do camiño eran por orde do concelleiro. Por iso trasládalle a pregunta ao goberno. Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, dicindo que é certo que se está abrindo o camiño. É certo que se falou cos propietarios pero se a pala se meteu onde non debía pasará por alí mañá para falar cos propietarios.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 21.21 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental



Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García

C.I.F.: P-1503600-G